

---

*Memoria de Responsabilidade Social  
Universitaria. Universidade de vigo 2013*

---

## *Índice*

### *1. Presentación carta do Reitor*

### *2. Datos básicos da Universidade de Vigo*

- 2.1 Misión, visión e valores
- 2.2 Principais magnitudes
- 2.3 A nosa oferta académica, matrícula e egresados
- 2.4 Principais fitos da UVIGO
- 2.5 Rankings, premios e distincións

### *3. A Universidade de Vigo e a Responsabilidade Social*

- 3.1 Alcance e cobertura da Memoria de Responsabilidade Social
- 3.2 Obxectivos e principios da Memoria
- 3.3 A Universidade de Vigo e a Responsabilidade Social Universitaria
- 3.4 Pertenza a redes de colaboración
- 3.5 Sistema de goberno da UVIGO

### *4. Os nosos grupos de interese*

- 4.1 Orientación ao alumno e alumna
- 4.2 Cadro de persoal
- 4.3 Formación, saúde e seguridade no traballo
- 4.4 Igualdade de oportunidades e participación nos órganos de goberno

### *5. Transparencia e sostibilidade na xestión económica*

- 5.1 Xestión orzamentaria e situación económico – patrimonial da Universidade de Vigo
- 5.2 Relación económica cos grupos de interese
- 5.3 Contratación Administrativa
- 5.4 Responsabilidade na cadea de aprovisionamento

### *6. A Universidade de Vigo e o medioambiente*

- 6.1 Actividades e iniciativas en política ambiental
- 6.2 Compromiso coas boas prácticas na redución do impacto ambiental
- 6.3 A Pegada Ecolóxica da UVIGO

### *7. A investigación e a calidade da docencia*

- 7.1 Principais indicadores en materia de investigación
- 7.2 Liñas de investigación orientadas a colectivos con discapacidade
- 7.3 Prácticas, convenio e transferencia do coñecemento

- 7.4 Formación para a iniciativa emprendedora
- 7.5 Calidade e enquisa de avaliación docente
- 7.6 A UVIGO e o seu compromiso coa lingua e a cultura galega
- 7.7 Sistema loxístico de centros de investigación propios ou vinculados

8. *A Universidade de Vigo e a creación de valor para a sociedade*

- 8.1 Actividades de cooperación
- 8.2 Medidas de apoio á inserción de persoas con discapacidade
- 8.3 Universidade e Sociedade
- 8.4 Servizo de deporte

---

## 1. Carta do Reitor

Presentamos, por cuarto ano consecutivo, a Memoria de Responsabilidade Social da Universidade de Vigo. Unha memoria de rendemento de contas ao conxunto da sociedade e a nosa propia comunidade universitaria.

Dende a realización da primeira, con datos de 2010, abrimos unha serie anual que nos permitira incorporar os estándares de información propios de institucións comprometidas socialmente e avanzadas. Un xeito de coñecer e difundir cal é a nosa posición verbo das demandas sociais e tamén, e esta é a súa utilidade primordial para nós, de identificar novos obxectivos e situacións nas que podamos mellorar o noso desempeño ante todos os grupos de interese cos que nos relacionamos ou que forman parte de nós.

A memoria correspondente a 2013 recolle o conxunto de actividades máis salientables da universidade dende este punto de vista. Enmarcado este ano nun contexto de crise e de restricións económicas e normativas, tentamos ver cada adiante, procurando os recursos noutras fontes e tentando ser dende a educación superior, a investigación, a transferencia e a extensión universitaria, unha parte da solución que a sociedade precisa.

Agardamos que esta memoria nos permita ver canto é capaz de facer a nosa comunidade universitaria, e tamén a que nos anime a mellorar e perfeccionar todo o realizado, fixándonos novas metas.

---

## 2. Datos Básicos da Universidade de Vigo

Vivimos tempos de cambio de paradigma e iso implica ir máis alá da obrigas formais tratando de establecer unha estratexia de traballo que permita visualizar e poñer a disposición de toda a sociedade as nosas capacidades como institución para a dinamización do desenvolvemento económico e social.

O noso compromiso coa Responsabilidade Social encádrase neste escenario, para o cal desenvolvemos diferentes accións cara a atender as necesidades e expectativas de todos os nosos grupos de interese.

Para a nosa institución a actual Memoria representa un exercicio de transparencia e rendición de contas que están na base do noso compromiso e Responsabilidade Social.

O presente documento quere ser a ferramenta dun novo estilo de xestión que ten o afán de contar con toda a comunidade universitaria e a sociedade no seu conxunto para construír unha universidade realmente vencellada aos principios que a inspiran.

Realizar unha Memoria de Responsabilidade Social é unha acción voluntaria que de xeito inequívoco entronca coas directrices da Estratexia Universidade 2015, directrices que nun futuro inmediato todas as universidades teremos que asumir. Nese documento se indica que todas as universidades españolas terán que contar con un proxecto de Responsabilidade Social aprobado polo Consello de Goberno e polo Consello Social, que terá que difundirse e facer partícipe del á comunidade universitaria.

No actual informe non queremos aprovisionar con demasiados datos, o que pretendemos é introducir claridade e transparencia seguindo o fío da materialidade e relevancia dos datos aportados. As organizacións poden informar sobre aspectos moi diferentes pero esa información terá que ser útil para a toma de decisións dos grupos de interese afectados pola institución.

Os aspectos importantes sobre os que informar consideremos que son o suficientemente relevantes e teñen un impacto trascendente para que o documento no sexa soamente a consecución dun requisito formal, senón unha ferramenta de mellora continua. A relevancia dos datos ten que ofrecer información que afecten á capacidade de dar satisfacción os presentes grupos de interese sen comprometer ás das futuras xeracións.

No presente informe queremos cubrir os seguintes ámbitos de información:

- \_ Contar quén somos e cómo nos identificamos. Desta maneira pretendemos facilitar aos nosos grupos de interese a dimensión e o alcance das nosas actuacións como institución.
- \_ Tamén queremos facer fincapé no noso compromiso como universidade pública mostrando o resultado da nosa relación cos nosos grupos de interese: alumnado, persoal, provedores, outras universidades e institucións e sociedade.
- \_ Así mesmo, daremos conta daqueles indicadores relevantes da nosa institución co fin de visibilizar o resultado do noso labor.

## 2.1 Misión da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo, no seu Plan Operativo e de Xestión 2008-2012, presenta como primeiro obxectivo estratéxico conseguir unha xestión baseada nun modelo de excelencia. Un dos obxectivos operativos para este fin é a realización dunha **Memoria de Responsabilidade Social**. O documento que hoxe achegamos dá cumprimento ao compromiso de realizar este informe, poñendo en relación as actividades que se desenvolven cos diferentes grupos de interese.

Os obxectivos básicos que persegue a Universidade de Vigo coa elaboración desta serie de memorias son os seguintes:

- \_ Incorporar a sustentabilidade como valor clave de xestión, buscando o equilibrio entre o curto e o longo prazo e favorecendo a evolución e a fortaleza institucional.
- \_ Integrar o concepto de responsabilidade social no seu acervo cultural, e facer da rendición de contas e do diálogo cos grupos de interese un hábito.
- \_ Dispor dunha ferramenta de xestión adicional que nos permita fixar obxectivos e avalialos a través do triplo balance: económico, social e ambiental.

Para a elaboración desta memoria seguíronse as recomendacións xeralmente establecidas para o reporting en sustentabilidade en universidades e, en particular, incorporáronse os principios establecidos pola Global Reporting Initiative (GRI).

Mediante a ensinanza superior e unha investigación de calidade pretendemos contribuír á creación e a transferencia de coñecemento e á formación integral do estudantado coa finalidade de promover o desenvolvemento científico, tecnolóxico e cultural da sociedade pluricultural e plurilingüe na que está inserida.

A Responsabilidade Social preséntase como unha ferramenta de xestión avanzada na procura da necesaria comunicación da nosa institución coas partes implicadas (estudantes, PDI, PAS, sociedade... ) tendo como horizonte os principios reitores dos valores éticos, sociais e de conservación do medioambiente do que a nosa institución presume.

## 2.2 Principais magnitudes da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo, creada en 1990 (G4-3) é unha institución de servizo público (G4-7), moderna e innovadora, autónoma, aberta ao contorno e con vocación internacional, comprometida coa igualdade e con progreso económico e o benestar social de Galicia á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica de universidades (tal e como se especifica no artigo 1º dos seus estatutos).


[http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/secxeral\\_gl/\\_galeria\\_descargas/estatutos\\_uvi\\_dog.pdf](http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/secxeral_gl/_galeria_descargas/estatutos_uvi_dog.pdf)

A universidade está estruturada basicamente en tres campus: Ourense (As Lagoas. 32004 Ourense), Pontevedra (A Xunqueira, s/n. 36005 Pontevedra) e Vigo (Lagoas, Marcosende. 36310 Vigo) donde ten tamén a súa sede a reitoría. (G4-5). Esta institución, vinculada á realidade histórica, social e económica de Galicia, dedicaralle especial atención ao estudo e ao desenvolvemento da súa cultura e do seu medio e proxectarase dun xeito activo sobre os problemas galegos mediante programas específicos de docencia, de investigación e de desenvolvemento e difusión establecidos a partir de necesidades concretas.

A Universidade de Vigo está integrada por escolas, facultades, departamentos, institutos de investigación e por outros centros ou estruturas necesarios para o desempeño das súas funcións. Esta estrutura está regulada nos artigos 9 ao 21 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

<i>Estrutura da Universidade 2013</i>	
Nº de campus	3
Nº de centros universitarios propios	21
Nº de centros adscritos	7
Nº de centros tecnolóxicos	4
Nº de departamentos	47
Nº de áreas de coñecemento	140
Nº de edificios	28
Nº de aulas	546
superficie (m <sup>2</sup> )	342.249
superficie construída m <sup>2</sup> )	177.192
Nº de residencias universitarias propias	2
Nº de prazas ofertadas en aloxamentos universitarios	477

### Superficie construída (m2)






### 2.3 A nosa oferta académica

A Universidade de Vigo imparte 131 títulos oficiais, o 62% son mestrados e o 38% son titulacións de grao.


#### Número de titulacións oficiais da Universidade de Vigo. Curso 2012/2013



Así mesmo, na nosa universidade aínda hai **47 títulos en proceso de extinción**, e **45 programas de doutoramento** (20 con mención de excelencia)

#### Titulacións propias. Curso 2012-2013


### Nº de cursos ofertados





<i>Matrícula 2012-2013</i>					
<i>Estudo</i>	<i>Estudantes matriculados/as</i>	<i>Mulleres</i>	<i>% Mulleres</i>	<i>Persoas estranxeiras</i>	<i>% Persoas estranxeiras</i>
1º e 2º ciclo	5.969	2.586	43,32%	23	0,39%
Grao	12.668	6.968	55,00%	135	1,07%
Mestrado	2.080	1.083	52,07%	133	6,39%
Programas de doutoramento	1.738	887	51,04%	342	19,68%
<b>Total</b>	<b>22.455</b>	<b>11.524</b>	<b>51,32%</b>	<b>633</b>	<b>2,82%</b>

Estes datos indican un incremento da matrícula ano a ano (excepto en 2012 no que houbo unha lixeira baixada). A matrícula incrementouse en 2012-2013 en 2.716 alumnos, un 13,8% mais respecto do curso anterior.



A matrícula correspondente aos grao representa xa o grupo mais numeroso dos matriculados na Universidade de Vigo (o 56,5%).

*Comparativa interanual no número de alumnos que cursan os seus estudos na nosa universidade.*

<i>Ano</i>	<i>2010</i>	<i>2011</i>	<i>2012</i>	<i>2013</i>
<i>Alumnado</i>	20.184	21.352	19.739	22.455


**Matriculados/as por rama e tipo de estudio.**

Practicamente a metade dos alumnos matriculados no curso 2012-2013 eran estudantes de grao en algunha carreira de Ciencias Sociais e Xurídicas.

Tamén é salientable que case un 34% da matrícula total sexa de alumnos/as matriculados/as en carreiras de enxeñaría.


Rama	Estudantes matriculados/as			
	Grao	1º e 2º ciclo	Mestrado	Total
Artes e Humanidades	1.358	308	229	1.895
Ciencias	794	313	200	1.307
Ciencias da Saúde	945	46	48	1.039
Ciencias Sociais e Xurídicas	6.355	2.084	1.059	9.498
Enxeñaría e Arquitectura	3.216	3.218	544	6.978
<b>Total</b>	<b>12.668</b>	<b>5.969</b>	<b>2.080</b>	<b>20.717</b>

**Estudantes que declaran na matrícula algún tipo de discapacidade. Curso 2012-2013**



Egreso 2012-2013					
Estudo	Estudantes egresados/as	Mulleres	% Mulleres	Persoas estranxeiras	% Persoas estranxeiras
1º e 2º ciclo	1.729	864	49,97%	5	0,29%
Grao	1.078	811	75,23%	9	0,83%
Mestrado	1.344	704	52,38%	73	5,43%
Programas de doutoramento	159	77	48,43%	30	18,87%
<b>Total</b>	<b>4.310</b>	<b>2.456</b>	<b>56,98%</b>	<b>117</b>	<b>2,71%</b>

Destacar que, aínda sendo a matrícula das mulleres nos programas de doutoramento case igual á dos homes (o 51,04% respecto a dos homes), as mulleres teñen un leve menor índice de éxito ao rematar as súas teses nun 48,43% das matriculadas.



**Egresados por rama de coñecemento.**

*2.4 Principais fitos acontecidos na Universidade de Vigo. Ano 2012-2013*

\_ Período académico marcado pola crise económica e os recortes no financiamento da universidade e no I+D. Cambios normativos limitantes da autonomía universitaria. Rexeitamento das tres universidades galegas ao recorte salarial imposto pola Xunta de Galicia e recollida na Lei 2/2013 de orzamentos. Constatación de que a UVIGO foi capaz de afrontar cos seus propios medios esta situación de recesión.

\_ Aprobación da Lei 6/2013 do SUG.

\_ No curso 2012-13 conseguiuase case un 95% de ocupación no primeiro curso das titulación de grao que ofrece esta universidade, nas que se matricularon mais de 3.500 estudantes sendo a cifra total de 22.455 alumnos e alumnas.

Rama	Grao	1º e 2º ciclo	Mestrado	Lectura de teses	Total
Artes e Humanidades	171	166	117	7	461
Ciencias	43	124	103	76	346
Ciencias da Saúde	159	18	22	0	199
Ciencias Sociais e Xurídicas	673	716	699	37	2.125
Enxeñaría e Arquitectura	32	705	403	39	1.179
<b>Total</b>	<b>1.078</b>	<b>1.729</b>	<b>1.344</b>	<b>159</b>	<b>4.310</b>

- \_ No curso 2012-13 ofertouse por primeira a simultaneidade dos estudos de enxeñaría informática e ADE no campus de Ourense.
- \_ Aumento da diversidade de ingresos para a nosa Universidade a través da cooperación: no período comprendido entre 2010-2013 A Universidade de Vigo foi quen de conseguir mais de 101 millóns de euros procedentes da I+D+i. Merece destacarse os 7 millóns de euros recibidos en 2013 a través do proxecto Táctica que ten por finalidade potenciar o polo de xeración e transferencia de coñecemento TIC.
- \_ En 2013 a Universidade de Vigo mandou ao espazo o seu segundo microsatélite, o Humsat-D, primeira peza do proxecto Humsat, auspiciado pola ONU e liderado pola UVIGO.
- \_ O Campus do Mar obtivo a cualificación “A-Bo progreso” do xurado internacional encargado da súa avaliación, que recoñecía como fortalezas do campus de excelencia da Universidade de Vigo o investimento en capital humano, a captación de recursos externos, a colaboración entre institucións e a creación de programas de doutoramento propio.
- \_ Aprobación do regulamento do voluntariado, da normativa da permanencia e progreso do alumnado das titulacións oficiais, do regulamento de atencións aos alumnos con necesidades especiais de apoio educativo o do regulamento de mobilidade internacional e do plan de internacionalización lingüística
- \_ 773 estudantes participaron en programas de mobilidade no curso 2012-13 e 2.000 realizaron prácticas externas nun curso no que se asinaron mais de 400 novos convenios de cooperación educativa.
- \_ Consolidación da CRUSOE

### ***Posición nos rankings***

A Universidade de Vigo foi distinguida durante 2013 pola súa posición nalgúns dos rankings universitarios con maior recoñecemento internacional. Entre os principais logros acadados salientamos os seguintes:

\_ Times Higher Education – 2012-2013

A Universidade de Vigo está no TOP 400 do Ranking Mundial de universidades.

\_ Webometrics 2013 - Laboratorio de Cibermetría do CSIC

A Universidade de Vigo está no TOP 500 do Ranking Mundial Webometrics, que mide o impacto das universidades polas súas páxinas web.

\_ Scimago Institutions Rankings SIR Informe Mundial 2013

Produción científica (output): A Universidade de Vigo ocupa o 16º lugar das universidades en España.

\_ Scimago Institutions Rankings SIR Informe Iberoamericano 2013

A Universidade de Vigo está no TOP 50 de universidades iberoamericanas

\_ Informe CyD - Fundación Conocimiento y Desarrollo

Impacto normalizado de produción científica, posición entre universidades en España:

Ciencias dos materiais: 1st

Ciencias da computación: 2nd

Agricultura e bioloxía: 4th

Así mesmo, o Campus do Mar ten recoñecemento de campus de excelencia internacional polo Ministerio de Educación ([www.campusdomar.es](http://www.campusdomar.es))

A Universidade de Vigo aposta por avanzar abertamente cara a un mellor aliñamento cos obxectivos na mellora da calidade docente e aumentar a presenza da certificación e acreditación con modelos internacionais de calidade ou excelencia.

### ***Premios e Distincións***

O Consello de Goberno outorgou 30 premios extraordinarios de doutorado (20% das teses), 19 premios fin de carreira a estudantes de 1º e 2º ciclo e 30 a estudantes de grao.

13 titulados da Universidade de Vigo resultaron galardoados con Premios fin de carreira outorgados pola Xunta de Galicia, e 2 titulados de Enxeñaría de Telecomunicación foron galardoados con Premios Nacionais de Fin de Carreira.

Varios membros da comunidade universitaria obtiveron premios e mencións entre os que cabe salientar o Terceiro posto no Premio Nacional de investigación en medicina deportiva, ou os varios premios obtidos polos vídeos de divulgación científica de Divulgare.

---

### 3. A Universidade de Vigo e a Responsabilidade Social

#### 3.1 Alcance e cobertura da Memoria de Responsabilidade Social

O período cuberto por esta memoria correspóndese, en termos xerais, ao curso académico 2012-2013. Non obstante, a existencia de algúns informes de xestión que periodifican os datos por anos naturais, obríganos neses casos, a incorporar información relativa ao ano natural 2013.

Esta memoria é a cuarta dunha serie con periodicidade anual. A primeira elaborada toma por base o ano 2010 con datos do curso académico 2009-2010, a segunda recolle datos de 2011 con datos do curso 2010-2011 e terceira o fai con datos do curso 2011-2012.

Este informe inclúe o resultado dos impactos ambientais, económicos e sociais máis relevantes que xera a actividade da Universidade de Vigo, sen limitacións de alcance. Na presente memoria figuran algúns dos contidos básicos da guía para a elaboración da memorias de *Global Reporting Initiative* (GRI) versión G4. Esta información cobre á Universidade de Vigo cos seus campus, e só parcialmente se dá conta daquelas entidades xuridicamente independentes en que participa a Universidade.

A elaboración desta memoria foi posible grazas á contribución dun equipo de persoas coordinadas pola Vicerreitoría de Economía e Planificación a través da Unidade de Estudos e Programas.

En xeral, os datos proceden das memorias de actividades e informes elaborados polas distintas áreas da universidade.

Non se deron cambios significativos desta Memoria respecto ás anteriores no referente á cobertura e aos métodos de valoración aplicados.

Atendendo ao principio de mellora continua e enfoque participativo que nos inspira, esperamos que os distintos grupos de interese fagan as súas contribucións cara a perfeccionar as políticas de responsabilidade Social da Universidade de Vigo e a calidade desta serie de memorias.

No período cuberto por esta Memoria non se produciron cambios significativos nin no tamaño nin na estrutura da Universidade de Vigo.

#### 3.2 Obxectivos e principios da memoria

“Os principios que a continuación se indican teñen sido deseñados pola GRI (*Global Reporting Initiative*, capítulo 4 da versión G4) para ser usados combinadamente cara definir o contido da Memoria”

##### *Principios para a definición do contido*

- \_ Materialidade
- \_ Participación dos grupos de interese
- \_ Contexto da sustentabilidade
- \_ Exhaustividade

**Principios para definir a calidade da memoria**

- \_ Equilibrio
- \_ Comparabilidade
- \_ Precisión
- \_ Periodicidade
- \_ Claridade
- \_ Fiabilidade

**3.3 A Universidade de Vigo e a Responsabilidade Social. Curso 2012/2013**

Cada vez con máis motivos, a oferta formativa da Universidade de Vigo inclúe a Responsabilidade Social como eixe transversal en diferentes estudos de grao e posgrao así como tamén conformando por si mesma o obxecto de estudo fundamental en programas académicos e cursos específicos.

En canto á oferta de mestrados e cursos de posgrao, a Universidade de Vigo respondeu ante o aumento da demanda de formación de terceiro ciclo en materia de Responsabilidade Social. A continuación preséntanse os mestrados que se ofertaron que, ou ben fan mención expresa á RSE no título, ou ben gardan unha relación directa co tema ela.

- \_ Administración integrada de empresas: responsabilidade social corporativa, calidade e medio ambiente.
- \_ Xestión do desenvolvemento sostible.
- \_ Enerxía e sustentabilidade.
- \_ Tecnoloxía medioambiental.
- \_ Menores en situación de desprotección e conflito social.

Ademais, dende área de voluntariado, colabórase no desenvolvemento de estudos e traballos sobre temas relacionados có voluntariado e cós problemas sociais da contorna.

Tamén se celebraron cursos de verán e de formación específica sobre esta temática, e outras accións, promovidas dende a propia universidade, ou en colaboración con outras institucións (Dirección Xeral de Voluntariado, Concello, etc).

**Avance nas políticas de integración social universitaria**

Dentro dos elementos de Responsabilidade Social están aqueles que favorecen a integración de tódalas persoas que pertencen á comunidade universitaria. No Plan de Igualdade vixente, elaborado pola Universidade de Vigo, figura textualmente no artigo 3 que **“a Universidade de Vigo asume o compromiso de detectar, diagnosticar e contribuír á solución dos problemas existentes nas sociedades contemporáneas, e de promover políticas activas de igualdade e promoción social”**.

Cara a materializar este compromiso coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a Universidade de Vigo ten constituído a Unidade de Igualdade como instrumento de xestión política responsable da incorporación transversal do principio de igualdade efectiva entre os homes e as mulleres en todos os ámbitos da comunidade universitaria.

A Universidade de Vigo se mostra tamén sensible a outras diferenzas, nomeadamente as relativas a condición sexual, que mais alá dás de xénero precisan dunha atención e normalización que non impidan un saudábel desenvolvemento da vida universitaria.



O papel, e a responsabilidade, que ten a universidade para coa sociedade implica tamén a necesidade de facer aflorar e sensibilizar sobre a situación de determinados colectivos que figuran agochadas e mesmo invisibilizadas, tal é a situación que viven, con seguridade, centos de persoas na nosa comunidade universitaria que teñen unha orientación sexual diferenciada respecto da maioría.

Sería de interese que nun futuro a Universidade de Vigo dera conta, ou integrara no seu Plan de Igualdade, aquelas medidas que favorezan o cumprimento do Pacto Mundial no relativo ao dereito á libre expresión da persoalidade e orientación sexual de cada quen, sen que esta circunstancia fora impedimento para gozar, con tódalas garantías, da pertenza á comunidade universitaria.

### *3.4 Pertenza a redes de colaboración*

O establecemento de redes de colaboración é un aspecto fundamental da Reponsabilidade Social xa que permite establecer redes de comunicación cos *stakeholders* ademais de facer mais sustentable os recursos da universidade.

A pertenza da Universidade de Vigo a diferentes redes e plataformas específicas sobre a Responsabilidade Social (Rede UNIRSE, RSE Galicia...) evidencian a nosa implicación e compromiso coa responsabilidade social en xeral, e coa responsabilidade social universitaria en particular.

#### ***Cooperación Bibliotecaria***

Dentro da súa participación no Consorcio Bugalicia, a Biblioteca interveu, a través do seu Director, na Comisión Técnica do Consorcio (xuntanzas en setembro de 2012, febreiro de 2013 e xuño 2013). Nesa mesma liña de colaboración co Consorcio e as outras universidades de Galicia hai que salientar a continuación da participación no grupo de traballo SFX/Metalib.

No plano da cooperación co resto de bibliotecas universitarias españolas, a Biblioteca Universitaria estivo presente na XX Asemblea anual de REBIUN. Neste mesmo ámbito, a Biblioteca integrouse no grupo de traballo da Liña Estratéxica 1 do III Plan Estratéxico de REBIUN xunto coas bibliotecas das universidades de Barcelona, Granada, Pablo Olavide, Politécnica de Valencia, Extremadura, Miguel Hernández, Complutense, Zaragoza e do Instituto de Empresa. Neste grupo a Biblioteca foi encargada de dirixir e coordinar a elaboración dun informe sobre a contribución das bibliotecas á sustentabilidade e a responsabilidade social da universidade que foi aprobado pola Asemblea anual de Málaga.

No ámbito da cooperación institucional, o Arquivo tomou parte nas XIX Xornadas de Arquivos Universitarios organizadas pola CAU/CRUE, celebradas en marzo de 2013. Estivo tamén presente nas xornadas “Os arquivos e o patrimonio documental de Galicia”, que celebrou o Consello da Cultura Galega en novembro de 2012, e na xornada técnica “Administración electrónica e arquivos”, organizada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Por último, no eido das relacións institucionais, a biblioteca universitaria participou no programa ERASMUS-PAS coa estancia dunha funcionaria en maio de 2013 na Biblioteca da Università degli Studi di Ferrara (Italia).

A biblioteca representa un servizo de trascendental importancia para a Universidade e a súa comunidade. Froito desta importancia son as seguintes cifras.

**Tráfico de préstamo interbibliotecario. Universidade de Vigo. Ano 2013**

Préstamo interbibliotecario		Ano 2013
<b>Biblioteca como centro solicitante</b>		
<b>Total solicitudes pedidas a outros centros</b>		
Solicitudes a bibliotecas REBIUN		1082
Solicitudes a bibliotecas No-REBIUN		167
Solicitudes a bibliotecas estranxeiro		208
Solicitudes positivas		1275
Solicitudes de préstamo		331
Porcentaxe de copias recibidas de bibliotecas REBIUN en menos de 6 días		89,66
<b>Biblioteca como centro proveedor</b>		
<b>Total solicitudes recibidas de outros centros</b>		
Solicitudes de bibliotecas REBIUN		739
Solicitudes de bibliotecas no-REBIUN		21
Solicitudes de bibliotecas Estranxeiro		420
Solicitudes positivas		1119
Solicitudes de préstamo		211

3.5 Sistema de goberno da universidade de vigo


**Organización Institucional**

([https://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/organizacion/organos/](https://www.uvigo.es/uvigo_gl/organizacion/organos/))

En base aos principios directores dos Estatutos da Universidade de Vigo ([http://secxeral.uvigo.es/secxeral\\_es/normativa/universidade/estatutos/](http://secxeral.uvigo.es/secxeral_es/normativa/universidade/estatutos/)) o réxime de goberno da Vigo fundaméntanse no principio de representación de todos os sectores da comunidade universitaria a través dos seus órganos colexiados e unipersoais, así como no de designación por elección das persoas que van ocupar os cargos académicos, agás as excepcións establecidas explicitamente nos estatutos.

Así mesmo, propicia a presenza equilibrada de homes e de mulleres nos seus órganos de goberno, para o que establecerá as normas necesarias nos procedementos electorais.

**Organigrama Universidade de Vigo. Ano 2013**



## ***O Goberno da Universidade***

O goberno, a participación social, a representación e a administración da Universidade de Vigo articularanse, cando menos, a través dos órganos que a continuación se indican.

### ***A) Órganos Colexiados da Universidade***

Están compostos polo Consello Social, Claustro Universitario, Consello de Goberno, xuntas de facultade, Xuntas de Escola, Consellos de Departamento e de Instituto Universitario, Consellos de Campus, Xuntas de Titulación e Xuntas, Consellos ou outros órganos noutros centros que se puidesen crear.

#### *\_ Consello Social*

É o órgano de participación da sociedade na universidade e exerce como elemento de interrelación entre a sociedade e a universidade. Correspóndelle fomentar iniciativas sociais e promover a actuación dos poderes públicos para estimular investimentos que favorezan as actividades da universidade e que adecúen a capacidade docente e investigadora desta á demanda social. A súa composición e funcións veñen establecidas nos artigos 29 e 30 dos estatutos da universidade.

O Consello Social está concibido para que, a través da participación social, a universidade teña presente a problemática real do seu entorno, no que desenvolve a súa misión docente e investigadora. E, a súa vez, para que o entorno socioeconómico apercíbase das necesidades da súa universidade e das potencialidades do desenvolvemento e progreso que esta ofrece.

Ao Consello Social correspóndelle a supervisión das actividades de carácter económico da universidade – incluída a aprobación do orzamento e das contas anuais –, do rendemento dos servizos, e da colaboración da sociedade no financiamento da universidade.

Na actualidade está composto por 30 compoñentes (20% mulleres)

#### *\_ Claustro Universitario*

O claustro universitario é o máximo órgano de representación da universidade. Os diferentes grupos de interese que integran a comunidade universitaria elixen aos seus delegados no claustro.

Composición actual: 229 membros (41,48% mulleres)

#### *\_ Consello de Goberno*

O Consello de Goberno é o órgano de goberno da Universidade e está composto polo reitor, que o preside, a secretaria xeral, o xerente e unha representación de todos os sectores da comunidade universitaria.

Entre as funcións do Consello de Goberno está o establecemento das liñas estratéxicas e programáticas da Universidade e a aprobación da ordenación xeral da actividade académica e investigadora. Ademais, encárgase da aprobación dos proxectos de orzamento e programación plurianual e das contas anuais da Universidade para o seu trámite ao Consello Social, da aprobación dos cadros de persoal ou das propostas de plans de estudo.

Nos artigos do 37 ao 39 dos estatutos da universidade está regulado o seu funcionamento e composición.

Composición actual: 53 membros (35,84% mulleres)

#### *\_ Consellos de Campus*

Campus de Ourense, composto por 20 persoas, o 45% mulleres

Campus de Pontevedra, número de compoñentes, 14, 42,85% mulleres

## **B) Órganos unipersoais**

A Universidade de Vigo establece que os titulares dos órganos unipersoais, agás os que o sexan por designación ou por procedemento expresamente regulado doutro modo, deben ser elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Estes postos de carácter persoal concréntanse nos seguintes títulos: Reitor/a, vicerreitores/as, secretario/a xeral, xerente, decanos/as e vicedecanos/as de facultades, directores/as e subdirectores/as de escolas e de departamentos, e secretarios de facultades, de escolas e de departamentos, de institutos ou outros órganos que se puidesen crear.

### **Constitución do equipo de goberno da Universidade de Vigo. Ano 2013**

- \_ Reitor
- \_ Vicerreitor de Economía e Planificación
- \_ Vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións
- \_ Vicerreitora de Investigación
- \_ Vicerreitor de Transferencia do Coñecemento
- \_ Vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade
- \_ Vicerreitor de Relacións Internacionais
- \_ Vicerreitor de Extensión Universitaria
- \_ Vicerreitora do Campus de Ourense
- \_ Vicerreitora do Campus de Pontevedra
- \_ Secretaria Xeral

## **C) Outros órganos**

O Tribunal de Garantías (TG) é unha institución singular, específica e inconfundible dentro do sistema institucional universitario; unha institución de garantía, á que se lle encomenda a defensa dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. Así mesmo constitúe un factor de impulso e mellora á hora de lograr unha administración máis xusta e eficaz. Investiga como funcionan os órganos administrativos, os administradores, nas súas relacións cos administrados a fin de detectar retrasos, silencios, arbitrariedades, irregularidades ou mala fe. Polo tanto é un procedemento de escoita dos grupos de interese da universidade.

No exercicio das súas funcións, o Tribunal actuará formulando suxestións, propostas e recomendacións aos responsables inmediatos dos servizos da Universidade, aos responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou problemas observados, e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito. Neste sentido a atribución do TG converxen, nun sentido amplo e práctico coa implementación da RSU na Universidade de Vigo.

A función deste Tribunal abarca fundamentalmente tres áreas de actuacións:

- a) supervisión, comprobación e inspección do funcionamento da administración universitaria, facendo que se cumpra a normativa e se respecten os dereitos e os intereses lexítimos das persoas
- b) mediar entre as partes a fin de construír canles de comunicación e diálogo, facilitar avinzas e acordos, e previr, desactivar ou resolver conflitos
- c) recomendar, propoñer e promover cambios e melloras no conxunto do sistema universitario.

### **Mecanismos de comunicación entre grupos de interese e o goberno da universidade**

A través da web institucional ou da páxina do reitor calquera persoa pode establecer comunicación coa nosa institución e recibir resposta ás súas demandas.

### **Distribución do poder na UVIGO. Curso 2012/2013**

*Reitor:* D. Salustiano Mato

*Secretaría Xeral:* Inmaculada Valeije Alvarez

*Xerencia:* Manuel Fernández Jáuregui

*Directores de área* ocupados/as por 22 compoñentes (45,45% mulleres)

*Xefaturas de servizos:* 21 compoñentes, 47,62% de mulleres

**Total de cargos académicos de centros e departamentos:** 204 cargos dos cales o 44,12% son mulleres.

Dos 22 compoñentes dos **Decanatos e Direccións de Centros**, 8 son mulleres (o 36,36%).

**Direccións de Estacións, Centros de Investigación e Centros Universitarios**, 6 compoñentes, o 33,33% son mulleres.

**Directoras de departamentos:** Son o 25,53% dos 47 compoñentes:

Representación feminina na área científica, 27,27%

Representación feminina na área tecnolóxica, 7,14%

Representación feminina na área xurídico-social, 38,46%

Representación feminina na área xurídico-social, 38,46%

Representación feminina na área humanística: 33,33%

**Vicedecanatos e subdireccións de Centros:** Número de compoñentes 66. Representación feminina, 48,48%

**Secretarías de Centros:** Número de compoñentes 21. Representación feminina, 68,75%.

**Secretarías de Departamentos:** Número de compoñentes 47. Representación feminina 53,19%

## 4. Os nosos grupos de interese

Os alumnos representen o noso mais grande e importante grupo de interese; por este motivo, aparte das tarefas intrinsecamente académicas, a Universidade de Vigo promove, a través de diferentes programas, a mobilidade estudantil. Este aspecto resulta fundamental para formación integral dos nosos estudantes, así como tamén os programas de prácticas profesionais.

### 4.1 Orientación aos alumnos e alumnas

#### Programas de mobilidade e bolsas. Curso 2012/13

No ano 2013 apróbase o Plan de internacionalización lingüística, documento que pretende dotar á comunidade universitaria das competencias plurilingües e pluriculturais que se precisan para responder con eficacia aos retos dunha sociedade globalizada e culturalmente diversa.

Apróbase así mesmo o Regulamento de mobilidade internacional, que organiza e consolida o marco normativo en materia de mobilidade entre países. Trátase de facilitar ao alumnado, ao PAS e ao PDI a posibilidade de realizar parte dos seus estudos e o seu traballo en institucións estranxeiras de ensino superior, e de garantir o pleno recoñecemento destas actividades.

Datos de Mobilidade nacional e internacional durante o curso 2012/2013:

nº de alumnos/as SICUE propios	89
nº de alumnos/as SICUE alleos	27
nº de alumnos/as ERASMUS propios	678
nº de alumnos/as ERASMUS alleos	314
nº de alumnos/as OUTROS CONVENIOS propios	83
nº de alumnos/as OUTROS CONVENIOS alleos	202
nº de PAS propios ERASMUS	14
nº de PDI propios ERASMUS	77
nº de PDI con estadías no estranxeiro no 2012	91

Pola participación no **Programa Erasmus**, 37 estudantes foron seleccionados para participar en cursos EILC nos países de recepción e 1 estudante tivo unha axuda adicional por minusvalía tramitada desde a ORI. Mantéñense as preferencias por Italia (129), Alemaña (91), Polonia (70) e Portugal (61) como en anos anteriores.

No mesmo período, un total de 60 estudantes tiveron acceso a **bolsas propias da UVIGO**. 7 do campus de Ourense, 27 do campus de Pontevedra e 26 do campus de Vigo. Brasil con 25 estadías e México con 18 destacan como países preferentes.

No marco da mobilidade cos EE.UU e a través do programa ISEP, 15 estudantes cursaron estudos en universidades norteamericanas, 1 do campus de Pontevedra e 14 do campus de Vigo.

Ademais, 10 estudantes tiveron obtiveron unha bolsa do Programa de bolsas Iberoamérica para estudantes de Grao e 2 estudantes tiveron unha beca dentro do programa de bolsas Fórmula Santander

Ademais, 8 estudantes realizaron unha estadia nunha universidade estranxeira , 7 do campus de Vigo e 1 do campus de Ourense.

A avaliación dos estudantes estranxeiros a través do portal StudyPortals outorgou a Universidade de Vigo o certificado de “Excelente”. O portal, líder en busca e selección de estudos superiores europeos, conta cunha plataforma de intercambio de experiencias de estudantes na que se realiza a enquisa. O ránking, ten especial relevancia xa que premia a visión que teñen os estudantes de todo o mundo sobre a nosa Universidade.

### **Bolsas de estudo do MEC**

Durante o curso 2012-2013 se solicitaron 9.532 de bolsas (convocatoria xeral/mobilidade e País Vasco)

### **Número de solicitudes e concesións de bolsas de estudo. Curso 2012/2013**

	<i>nº de solicitudes</i>	
Convocatoria xeral	9.222	96,75%
Convocatoria Mobilidade	284	2,98%
País vasco	24	0,25
Anuladas	21	0,22%
Concedidas	5.609	58,84%
Denegadas	3.895	40,86%
Revogadas total	7	0,07%

**Comparativa** das incidencias no proceso de solicitude de bolsas respecto do curso anterior.

<i>Curso</i>	<i>2011/2012</i>	<i>2012/2013</i>	<i>% Variación</i>
Nº de solicitudes	8.976	9.532	6,19%
Peticións datos	885	1.040	17,51%
Importe total	13.549.457	12.970.859	-4,27%
Bolsas concedidas	5.845	5.609	-4,04%
Bolsas denegadas	3.028	3.895	28,63%
Alegacións	855	1.374	60,70%
Recursos	47	77	63,83%

\_ O número de bolsas denegadas incrementase con respecto ao curso anterior nun 28,63% motivado na maioría dos casos polas restricións académicas.

\_ Este maior número de bolsas denegadas provoca un incremento considerable no volume de alegacións e recursos.

\_ As axudas concedidas foron nun 63,43% para alumnas (3.504) e o 36,57% para alumnos (2.020)

### **Bolsas comedor**

No curso 2012-2013 foron solicitadas 1.195 bolsas para comedor.

Sendo 460 as axudas adxudicadas. Así mesmo, 769 solicitudes quedaron excluídas por diversos motivos (64,35% dos solicitantes)



**Residencias**

A Universidade de Vigo conta con aloxamentos propios e concertados aos que pode acceder o persoal de administración e servizos.

Residencias propias:

- \_ Complexo residencial As Burgas (Ourense)
- \_ Complexo residencial O Castro (Vigo)

Residencias concertadas:

- \_ Residencia concertada A Peregrina (Pontevedra)
- \_ Complexo residencial concertado Alcai (Allariz)

**Prácticas e acceso ao mercado laboral**

A realización de prácticas externas é unha ferramenta decisiva tanto na formación integral do alumno como, dun xeito mais institucional, no desenvolvemento das relacións da propia Universidade de Vigo coa súa contorna mais próxima.

As prácticas achegan ao alumnado á realidade profesional, facilitando a súa relación cos distintos sectores socioeconómicos e aumentando a súa empregabilidade, pois proporciónalle competencias, habilidades e coñecementos indispensables na súa integración e desenvolvemento profesional.

Por outra banda, as relacións con empresas e institucións que se establecen a través das prácticas externas é un instrumento valioso para testar a formación que está a recibir o alumnado universitario e establecer accións de mellora, ademais de permitir identificar aqueles sectores económicos que presentan maior crecemento e dinamismo.

**Prácticas realizadas polos nosos alumnos durante o curso 2012-2013**


<http://emplego.uvigo.es/>

<i>Prácticas en empresas</i>	<i>curso 2012-13</i>
nº de alumnos/as prácticas extracurriculares	1.066
nº de alumnos/as prácticas curriculares	1.761
nº de convenios	544

**Prácticas académicas extracurriculares. Fundación Universidade de Vigo**

Durante o curso 2012-2013 un total de 1.066 alumnos e alumnas da UVIGO realizaron prácticas extracurriculares nun total de 657 empresas colaboradoras, cunha ratio estudante/empresa de 1,62.

**Comparativa no número de prácticas extracurriculares e empresas colaboradoras. Curso 2012/2013**




**Comparativa Ratio alumnos/as en prácticas por ámbito/empresa**

Ámbito	2011/2012			2012/2013		
	Alumnos/as	Empresas	Ratio	Alumnos/as	Empresas	Ratio
Xurídico-Social	403	247	1,63	480	301	1,59
Tecnolóxico	345	264	1,31	348	238	1,46
Científico	113	69	1,64	144	75	1,92
Arte de Humanidades	25	20	1,25	80	37	2,16
Ciencias da Saúde	3	2	1,5	14	6	2,33
<b>Total</b>	<b>889</b>	<b>602</b>	<b>1,48</b>	<b>1066</b>	<b>657</b>	<b>1,62</b>

Destacar o incremento tanto no número de alumnos/as como no de empresas que participaron nos programas de prácticas durante o curso 2012/2013. Esta circunstancia é especialmente positiva dada a situación de ralentización da actividade económica na contorna.


○ **NÚMERO DE ALUMNOS E EMPRESAS**



**Número de empresas, por sector de actividade, que participaron ofrecendo prácticas os/as nosos/as estudantes. Curso 2012/2013**

CNAE	
Actividades profesionais, científicas e técnicas	158
Industria manufactureira	99
Comercia pro xunto ou polo miúdo	82
Construción	49
Información e comunicacións	44
Educación	32
Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria	31
Outros servizos	26
Actividades financeiras e de seguros	23
Actividades administrativas e servizos auxiliares	22
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	19
Transporte e almacenamento	16
Actividades sanitarias e de servizos sociais	14
Hostalaría	12
CNAE sen localizar	11
Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	5
Industrias extractivas	4
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	4
Actividades inmobiliarias	4
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	2
<b>TOTAL</b>	<b>657</b>

*Graficamente a distribución porcentual dos alumnos repartidos polos distintos sectores económicos quedaría como segue*



### *Prácticas pre-profesionais do alumnado*

Convocáronse dúas bolsas: unha para a mellora da Comunicación en liña (espazos web e redes sociais), e outra para apoio á Internacionalización do Servizo de deportes.

Tamén se iniciou a participación no programa Erasmus-Prácticas, en colaboración coa Oficina de Relacións Internacionais e unha alumna da Universidade de Ljubljana (Eslovenia) realizou o período de prácticas do seu mestrado en Pedagogía de Psicoloxía dentro do Servizo de Deportes.

### *4.2 Persoal da Universidade de Vigo*

A plantilla laboral da UVigo esta constituído polo persoal docente e investigador (PDI) e o Persoal de Administración e Servizos (PAS). Representa un dos grupos de interese prioritarios para a nosa institución xa que son os que procuran o servizo mais directo e importante aos nosos/as estudantes. Debemos indicar tamén a presenza crecente de persoas contratadas para labores de investigación e de transferencia que non entran na clasificación convencional de PDI e de PAS, pero que desenvolven a súa actividade na Universidade de Vigo.

Consideramos que unha das maneiras de ser mais eficientes como institución é promover que o traballo que desenvolve o noso persoal sexa da máxima calidade, de esa maneira a UVigo trata de aproveitar o seu talento, fomentando as súas capacidades, e cumprindo o principio de igualdade de oportunidades, nun ambiente de traballo motivador e enriquecedor. Entendemos que este é un dos xeitos mais importantes de compromiso co noso alumnado e coa sociedade.

En 2013 traballaron na Universidade de Vigo 2.095 persoas distribuídas do seguinte xeito

<i>Tipo de persoal</i>	<i>Total</i>	<i>mulleres</i>	<i>% mulleres</i>	<i>estranxeiros/as</i>	<i>% estranxeiros/as</i>	<i>Servizo activo</i>
PDI	1.415	570	40%	20	1%	1.398
PAS	680	410	60%	0	0%	678
<b>TOTAL</b>	<b>2.095</b>	<b>980</b>	<b>47%</b>	<b>20</b>	<b>0,95%</b>	<b>2.076</b>

### *Persoal Docente e Investigador (PDI)*

A súa función prioritaria é a docencia e os labores de investigación así como a atención ao calendario de titorías ou asistencia a estudantes e atender ás necesidades de xestión dos departamentos. Os PDIs están compostos por funcionarios e por persoal contratado: PDI funcionario e PDI laboral.

Durante o ano 2013 desenvolveron labores docentes e de investigación 1.415 persoas, sendo ás mulleres o 40% desta forza laboral.

**Persoal docente e investigador segregado por sexo e tipo de contrato. 2013**


<i>PDI por categoría e sexo</i>	<i>Total</i>	<i>mulleres</i>	<i>% mulleres</i>	<i>Doutoras/es</i>	<i>Total ETC</i>
Catedrático/a de universidade	144	38	26%	144	143
Titular de universidade	589	228	39%	589	587
Catedrático/a de escola universitaria	27	10	37%	27	26
Titular de escola universitaria	91	31	34%	8	91
Titular de escola universitaria (laboral)	7	3	43%		6
Contratados doutores/as	233	120	52%	233	232
Axudantes	8	4	50%	2	8
Axudantes doutores/as	41	24	59%	41	41
Asociados/as	239	84	35%	23	50
Eméritos/as	2	1	50%	2	2
Lectores/as	3	1	33%		2
Interinos/as	31	26	84%	5	7
Outros					
<b>TOTAL</b>	<b>1.415</b>	<b>570</b>	<b>40%</b>	<b>1.074</b>	<b>1.195</b>

A destacar que o 59% de axudantes doutores/as son mulleres e que tamén o son o 84% dos interinas.

**Persoal docente e investigador segregado por sexo, tipo de contrato e área de coñecemento**

	CC da Saúde		Ciencias		CC Sociais e Xurídicas		Enxeñaría		Artes e Humanidades	
Categoría	Total	% mulleres	Total	% mulleres	Total	% mulleres	Total	% mulleres	Total	% mulleres
Catedrático/a de universidade	2	0%	59	29%	33	36%	36	8%	14	43%
Titular de universidade	10	22%	183	43%	145	46%	143	25%	108	42%
Catedrático/a de escola universitaria	1	0%	8	50%	8	38%	5	0%	5	60%
Titular de escola universitaria	2	0%	10	0%	38	53%	31	19%	10	50%
Titular de escola universitaria (laboral)			1	100%	5	20%			1	100%
Contratados doutores/as	4	75%	29	59%	98	54%	64	33%	38	68%
Axudantes					3	67%	4	25%	1	100%
Axudantes doutores/as	1	100%	1	100%	25	56%	12	50%	2	100%
Asociados/as	23	74%	7	0%	135	38%	54	7%	20	60%
Eméritos/as							1	0%	1	100%
Lectores/as									3	33%
Interinos/as	2	100%	4	100%	16	69%	4	100%	5	100%
Outros										
<b>TOTAL</b>	<b>45</b>	<b>56%</b>	<b>302</b>	<b>41%</b>	<b>506</b>	<b>46%</b>	<b>354</b>	<b>23%</b>	<b>208</b>	<b>52%</b>

Graficamente a distribución dos datos arriba indicados sería a que segue:



Por ámbitos de coñecemento, as mulleres son maioría no ámbito da saúde (56%, un 2% mais que o ano anterior) e artes e humanidades e enxeñería representan o 52% e 23% respectivamente de mulleres -idénticas cifras que o ano anterior-, sen embargo en ramas como ciencias e ciencias xurídicas e da saúde as proporción de mulleres PDI paso de do 44% en 2012 ao 46% no 2013 no primeiro caso, do 39% ao 41% no segundo caso. En situación bastante desigual se atopa a porcentaxe de mulleres en enxeñería onde soamente representan o 23% de forza laboral.

### *Persoal docente e investigador segregado por sexo, tipo de contrato, área de coñecemento e idade*

<i>PDI por categoría, sexo e idade</i>	<i>Menor de 30</i>		<i>De 30 a 39</i>		<i>De 40 a 49</i>		<i>De 50 a 59</i>		<i>De 60 ou maior de 60</i>	
	<i>Total</i>	<i>% mulleres</i>	<i>Total</i>	<i>% mulleres</i>	<i>Total</i>	<i>% mulleres</i>	<i>Total</i>	<i>% mulleres</i>	<i>Total</i>	<i>% mulleres</i>
<i>Categoría</i>										
Catedrático/a de universidade					47	25,53%	67	28,36%	30	23,33%
Titular de universidade			39	46,15%	291	39,18%	214	39,25%	45	26,67%
Catedrático/a de escola universitaria					4	50,00%	11	36,36%	12	33,33%
Titular de escola universitaria					20	45,00%	44	22,73%	27	44,44%
Titular de escola universitaria (laboral)					3	33,33%	3	66,67%	1	0,00%
Contratados doutores/as			67	46,27%	140	55,71%	21	47,62%	5	20,00%
Axudantes	1	100,00%	5	20,00%	2	100,00%				
Axudantes doutores/as	1	100,00%	20	70,00%	17	47,06%	1	100,00%	2	0,00%
Asociados/as			60	46,67%	89	35,96%	68	29,41%	22	18,18%
Eméritos/as									2	50,00%
Lectores/as	1	100,00%	1	0,00%	1	0,00%				
Interinos/as	3	66,67%	22	86,36%	6	83,33%				
Outros										
<b>TOTAL</b>	<b>6</b>	<b>83,33%</b>	<b>214</b>	<b>51,87%</b>	<b>620</b>	<b>42,42%</b>	<b>429</b>	<b>34,97%</b>	<b>146</b>	<b>28,08%</b>

Salientamos que as mulleres representan un 25% dos catedráticos/as, valor por enriba do 15,3% de media das universidades españolas.

Hai que destacar, tamén, que case a metade (46,15%) dos profesores titulares universitarios menores de corenta anos son mulleres, e case o 40% de entre corenta e sesenta anos.

### *Persoal de Administración e Servizos (PAS)*

O PAS son responsables do correcto funcionamento dos ámbitos funcionais de administración e servizos da universidade. Representan un elemento clave no funcionamento eficaz da universidade xa que prestan un apoio imprescindible á comunidade universidade facilitando todas aquelas xestións aos usuarios/as da nosa institución.

Para dar servizo funcional á Universidade de Vigo, esta institución contou con 680 persoas das cales o 60% foron mulleres, correspondendo o 52% delas ao Grupo I.



Tamén é importante sinalar que o 78% das mulleres PAS son funcionarias; sen embargo, soamente o 25% pertencen ao persoal eventual ou altos cargos.

### *Evolución estrutura do PAS*

	2011			2012			2013		
	Total	% mulleres	% fixo	Total	% mulleres	% fixo	Total	% mulleres	% fixo
<i>Persoal de administración e servizos</i>									
Persoal Laboral	314	40%	87%	319	41%	87%	315	41%	84%
Persoal funcionario	362	78%	93%	363	78%	93%	361	78%	91%
Persoal eventual e altos cargos	7	29%	0%	4	25%	0%	4	25%	0%
<b>TOTAL</b>	<b>683</b>	<b>60%</b>	<b>88%</b>	<b>686</b>	<b>60%</b>	<b>88%</b>	<b>680</b>	<b>60%</b>	<b>88%</b>

<i>PAS funcionario por grupo e sexo</i>		<i>PAS laboral por grupo e sexo</i>	
	% mulleres		% mulleres
Grupo A1	31%	Grupo A1	52%
Grupo A2	75%	Grupo A2	67%
Grupo C1	79%	Grupo C1	35%
Grupo C2	86%	Grupo C2	40%
Grupo E	0%		

### Retribucións Salariais

Os empregados da Universidade de Vigo están cubertos por un convenio colectivo (persoal laboral) ou ben son funcionarios públicos. Formalmente, non existen diferenzas salariais por razóns de xénero, debido a que se trata dunha institución pública, onde a retribución se atopa regulada.

Os salarios dos empregados públicos fíxanse legalmente cada ano. As retribucións publícanse, con carácter xeral, nos Presupostos Xerais do Estado e os presupostos da Comunidade Autónoma. No caso particular dos PDI e PAS laboral, estes réxense polos seus respectivos convenios colectivos.

A continuación, como exercicio de transparencia, preséntanse os cadros salariais do persoal da Universidade de Vigo.

**Salarios Persoal Docente e Investigador segundo grupo laboral e sexo. Ano 2013**

		Retribucións brutas anuais*					
		MÍNIMO		MÁXIMO		PROMEDIO	
Grupo	Categoría	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
PDI funcionario	CATEDRÁTICO/A UNIVERSIDADE	51.404,42	51.050,41	73.072,52	71.904,64	59.958,43	59.887,00
	CATEDRÁTICO/A ESCOLA UNIVERSITARIA	39.687,95	41.917,85	54.030,81	48.987,58	46.532,21	45.926,95
	TITULAR UNIVERSIDADE	35.130,06	33.778,16	68.778,76	60.815,99	45.447,28	45.346,21
	TITULAR ESCOLA UNIVERSITARIA	33.675,24	33.763,38	47.381,53	47.280,66	38.456,24	38.511,47
	LECTOR/A		27.254,22		27.609,20		27.431,71
PDI laboral duración determinada	ASOCIADO/A	25.799,05		25.799,05		25.799,05	
	AXUDANTE DOUTOR/A CONTRATADO/A DOUTOR/A	25.838,23	27.154,55	31.594,31	30.553,91	28.889,33	28.428,82
	PROFESOR/A EMERITO/A	26.233,66		26.233,66		26.233,66	
	TITULAR UNIVERSIDADE		30.894,28		30.894,28		30.894,28
	AXUDANTE	19.566,87	20.090,60	20.047,79	21.747,51	19.727,18	20.786,21
PDI laboral tempo indefinido	LECTOR/A	25.818,82	26.407,57	25.818,82	26.407,57	25.818,82	26.407,57
	PROFESOR/A ASOCIADO/A		25.799,05		26.365,57		26.082,31
	AXUDANTE DOUTOR/A CONTRATADO/A DOUTOR/A	25.427,39	25.342,08	31.652,72	29.135,04	27.889,45	26.298,70
	PROFESOR/A EMERITO/A	24.909,87	25.036,44	24.909,87	25.036,44	24.909,87	25.036,44
	TITULAR ESCOLA UNIVER.	34.927,16	31.213,75	37.560,38	36.069,95	36.371,48	33.492,64

\* aboadas ao persoal a tempo completo

Non hai persoas neses grupos e niveis

**Salarios Persoal de Administración e Servizos segundo sexo, tipo de contrato e tramo de ingresos. Ano 2013**

		Retribucións brutas anuais*					
Tipo	PAS laboral	Mínimo		Máximo		Promedio	
Grupo		Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
I		34.073,32	21.694,84	50.786,72	43.576,88	39.154,70	36.473,47
II		33.518,62	30.224,97	36.521,87	35.413,85	35.033,88	33.026,99
III		24.126,53	21.157,10	37.933,67	29.537,07	28.167,09	26.237,51
IV		17.433,48	21.092,90	31.303,61	29.392,40	23.718,12	23.618,22

\* Retribucións aboadas ao persoal a tempo completo

Retribucións brutas anuais*							
Tipo	PAS funcionario						
Grupo	Nivel	Mínimo		Máximo		Promedio	
		Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
A1	28	48.160,41	48.134,18	52.169,26	54.071,23	50.216,64	51.102,71
	26	40.296,45	37.843,72	40.296,45	43.207,36	40.296,45	40.525,54
A2	28	47.005,90	46.490,95	47.653,36	47.537,60	47.329,63	47.014,28
	26	40.827,74	40.663,03	45.309,96	45.835,89	42.505,38	42.385,92
	25	38.330,66	35.858,74	39.654,91	40.851,32	38.981,69	39.279,60
	23		35.385,04		37.224,66		36.192,51
	22	32.541,60	33.419,04	33.697,96	34.976,56	33.119,78	34.085,07
	21	30.964,51	28.682,49	31.035,16	32.338,72	30.999,83	30.557,88
	20	29.062,00	29.528,88	37.415,18	34.683,89	32.156,74	31.917,55
C1	25		32.512,43		43.874,02		37.442,93
	22	31.356,46	31.440,95	32.001,41	34.901,43	31.678,59	32.939,78
	21	28.675,37	28.282,73	28.675,37	28.675,37	28.675,37	28.479,05
	20	25.676,18	25.299,58	28.555,83	30.565,84	27.067,34	27.499,12
	18	24.466,98	24.523,65	27.345,24	30.547,19	25.590,28	26.194,35
	16	23.605,40	23.774,17	27.388,75	27.934,40	25.243,17	25.187,11
C2	20		24.127,85		24.557,09		24.342,47
	18		23.296,14		23.585,38		23.440,76
	16	19.567,44	19.491,38	24.548,25	23.695,83	21.508,73	21.712,22


\* Retribucións aboadas ao persoal a tempo completo


Non hai persoas neses grupos e niveis

### Beneficios sociais

A Universidade mantén unha política de beneficios sociais para o persoal que recolle varias accións:

\_ Fondo de acción social: presentáronse 483 solicitudes, sendo beneficiarias 462 persoas por un total de 180.100 €





**Outros beneficios sociais durante 2013**

<i>Axudas de matrícula na UVIGO</i>	272	206.460
<i>Anticipos de nómina</i>	62	133.360
<i>Gratif. xubilación anticipada</i>	58	547.570,95
<i>Gratificación por xubilación</i>	7	134.403,31

**4.3 Formación do persoal**

**Formación PDI**

Un dos aspectos máis importantes para mellorar a calidade da docencia e a investigación é a formación continua do profesorado tanto para actualizar os seus coñecementos en relación coas diferentes disciplinas como para a chegarse a temas de interese xeral que teñen que ver coa educación superior. Estas actividades dependen da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade.

Durante 2013 foron programadas 496 horas de formación para este persoal en diversos cursos orientados á mellora da capacitación dos profesores/as e investigadores/as da Universidade de Vigo. Un total de 1288 persoas se pre-inscribiron nestes cursos. O máis concorrido foi unha xornada dedicada á innovación educativa.

Nome	Horas	Lugar	N.º persoas asistentes	Avaliación do curso (escala de 1 a 5)			
				Avaliación global	Utilidade	Aplicabilidade	Recomendación dunha nova edición
Preparación para a docencia en inglés	60	Vigo	98	4,77	4,69	4,69	4,00
Xornada de intercambio de experiencias dos Proxectos de Innovación Educativa	4	Vigo	66	3,76	3,50	3,50	3,68
Experiencias formativas en colaboración coa contorna	2	Vigo	44	4,23	4,58	4,58	3,62
Taller de creación de paquetes e informes con R	8	Vigo	36	4,88	4,76	4,76	4,00
Taller formativo para o PDI: Como incorporar a perspectiva de xénero nas guías docentes	30	Vigo	22	4,00	4,30	4,30	3,50
O cartafol docente do profesorado como estratexia formativa e de desenvolvemento profesional	32	Vigo	39	3,71	3,33	3,33	3,78
Contornos virtuais como soporte ao proceso docente	30	Vigo	47	4,41	3,81	3,81	4,00
Formación en linguaxe inclusiva para persoal docente e investigador	20	Vigo	30	5,00	4,88	4,88	4,00
Deseño de prácticas docentes que desenvolvan competencias transversais no EEES	6	Vigo	40	3,06	2,17	2,17	2,80
Iniciación ao manexo de imaxes dixitais	6	Vigo	50	4,46	3,69	3,69	3,67
Elaboración e xestión de instrumentos de avaliación en formato dixital: Formularios Knowledge and Prior Study Inventory (KPSI) e Mapas Conceptuais	20	Vigo	40	3,31	2,81	2,81	3,09
Aplicacións de prácticas docentes que desenvolvan competencias transversais no estudante universitario	6	Vigo	25	4,29	2,75	2,75	3,00
Introdución aos modelos estatísticos mixtos	6	Vigo	25	4,89	4,67	4,67	4,00
Xornada de Innovación Educativa 2013	8	Vigo	288	4,30	4,39	4,39	3,90
Curso de Iniciación para a formación do profesorado universitario	66	Vigo	40	4,70	4,60	4,60	3,71
Taller de creación de xogos e simulacións educativas	20	Ourense	30	4,38	3,75	3,75	3,60
Experiencias formativas en colaboración coa contorna	2	Ourense	40	4,17	4,08	4,08	4,00
Deseño técnico e didáctico dun e-portafolios	24	Ourense	20	4,43	3,71	3,71	4,00
Deseño de prácticas docentes que desenvolvan competencias transversais no EEES	6	Ourense	25	3,00	1,67	1,67	2,00
Preparación para a docencia en inglés	50	Ourense	36	4,64	4,46	4,46	4,00
Seminario sobre modelos de ecuacións estruturais	10	Ourense	36	4,73	4,33	4,33	4,00
Aplicacións de prácticas docentes que desenvolvan competencias transversais no estudante universitario	6	Ourense	22	4,00	3,00	3,00	3,00

Experiencias formativas en colaboración coa contorna	2	Pontevedra	22	4,20	3,60	3,60	4,00
Deseño de prácticas docentes que desenvolvan competencias transversais no EEES	6	Pontevedra	30	2,73	2,27	2,27	2,75
O uso de sistemas tecnolóxicos de feedback interactivo no ensino universitario. O Sistema Turning Point	12	Pontevedra	23	4,09	4,18	4,18	3,80
O control das clases e o uso dos feedbacks no ensino universitario	10	Pontevedra	27	3,50	2,50	2,50	2,67
Técnicas de comunicación en público	20	Pontevedra	26	5,00	4,83	4,83	3,83
Aplicacións de prácticas docentes que desenvolvan competencias transversais no estudante universitario	6	Pontevedra	22	4,33	2,67	2,67	3,00
Preparación para a docencia en inglés	50	Pontevedra	39	5,00	4,64	4,64	4,00

### Formación PAS

Durante 2013 foron impartidas dentro da nosa institución 993 horas de formación a través do Plan de formación para PAS. Asistiron 869 persoas a 79 cursos. Aos cursos organizado asistiron un promedio de 11 persoas por cada curso.


Por outra banda 110 persoas asistiron a cursos fóra da institución. Ademais 187 persoas asistiron a xornadas internas de divulgación de distintos programas (novo procedemento de compras, UNIDATA, SUXI,...).

### PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS


A Universidade de Vigo ten concertada a actividade de vixilancia da saúde coa entidade “Universal Prevención y Salud, Sociedad de Prevención S.L.U.”

#### Accidentes de traballo. Ano 2013


En total houbo 36 accidentes de traballo. Destes, o 58% dos accidentes corresponden a mulleres (58,4%), o 83% sucede no lugar de traballo e o 64% ocorreron en Vigo.



**Informes sobre condicións de traballo**



**Avaliacións de riscos**




**Composición do Comité de Saúde na Universidade de Vigo. Ano 2013**

	nº representantes	% mulleres
Universidade	13	31%
<b>Colectivo</b>		
Xunta PDI	5	0%
Xunta PAS funcionario	3	33%
Comité PAS Pontevedra	3	33%
Comité PAS Ourense	2	0%
Comité PDI Pontevedra	3	100%
Comité PDI Ourense	2	100%


**FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**

En cumprimento da Lei de prevención de riscos laborais, Lei 31/1995 do 8 de novembro, e en concreto do seu artigo 19 “Formación dos traballadores”, o SPRL durante o ano 2013 impartiu 86 horas de formación presenciais en materia de prevención de riscos laborais aos cales asistiron 235 persoas.

En formato a distancia ofrecéronse 23 horas de formación que cumprimentaron 71 persoas. Os cursos foron orientados tano a PDI como a PAS.








Nos centros da Universidade de Vigo desenvólven a súa actividade profesional traballadores/as pertencentes a empresas alleas, atendendo ao mandato da Lei 31/1995 en materia de prevención de riscos laborais, e o Real decreto 171/2004 , polo que faise preciso coordinar as actividades de xeito que non xeren riscos para a seguridade e saúde nos centros ou lugares de traballo nos que exista concorrencia de actividades empresariais.

O Servizo de Prevención realiza a coordinación de acordo co procedemento que o propio Servizo elaborou e que foi aprobado en Concello de Goberno no ano 2011, dentro do Plan de Prevención da Universidade de Vigo (PPRL 08 Coordinación de actividades empresariais).

#### *Accións de coordinación organizadas polo Servizo de Prevención en 2013*

<i>Tipo</i>	<i>Total</i>
Mantemento	1
Obra	28
Proxecto investigación	6
Servizo	24
Subministro	11
<b>Total xeral</b>	<b>70</b>

#### *Recoñecementos médicos*



### Programas de saúde

Os programas de prevención centrados na saúde tiveron tres eixos:

- \_ Campañas de prevención de riscos laborais con programas cara vacinación antigripal, tabaquismo, hábitos posturais, etc.
- \_ Programa de colaboración coa AECC. A Universidade de Vigo está colaborando coa Asociación Española contra el Cáncer (AECC) no programa “Salud y solidaridad en la empresa” co obxectivo de concienciar á poboación sobre a importancia da prevención e detección precoz do cancro.
- \_ Plan de prevención de riscos laborais - Protocolos específicos como por exemplo: Adaptación ou cambios de posto por razóns de protección da saúde e de protección da maternidade, durante o embarazo e en períodos de lactación natural; actuacións ante conflitos interpersoais e de acoso no traballo; vixilancia da saúde, entre outros.

#### 4.4 Conciliación familiar

A UVIGO pon a disposición dos seus traballadores dúas escolas infantís (en Pontevedra e Ourense) para crianzas de 0 a 3 anos (que inclúe tamén o Plan Madruga)

A través do proxecto CAMPUS CAMP nosa institución pretende facilitar ao persoal da Universidade de Vigo o coidado das fillas e dos fillos durante os períodos vacacionais.

	<i>nº de nenos/as por mes</i>			
	<i>3-4 anos</i>	<i>5-6 anos</i>	<i>7-9 anos</i>	<i>10-13 anos</i>
<b>Xuño</b>	13	28	37	12
<b>Xullo</b>	39	34	63	40
<b>Setembro</b>	6	12	20	12

A Unidade de Igualdade elaborou unha guía dos equipamentos locais (públicos e privados) dos que poden botar man os traballadores da universidade cara a conciliar a vida laboral e a familiar.

Durante o 2013 os nosos traballadores/as tiveron o seguinte número de permisos e licenzas de conciliación:

	<i>PAS</i>	<i>PDI</i>	<i>Total</i>	<i>% Mulleres</i>
excedencia por coidado de fillos	4	0	4	100%
excedencia voluntaria por agrupación familiar	0	1	1	100%
permiso paternidade	6	20	26	0%
permiso por parto	5	21	26	100%
redución xornada	49	5	54	63%
Adaptación xornada	20	0	20	65%

## **IGUALDADE DE XÉNERO**

No Plan Estratéxico reflíctese o compromiso coa igualdade no obxectivo 6.1.1. do mesmo. Para procurar este obxectivo a Universidade de Vigo realizou o seu propio Informe de diagnose de Igualdade que materializa o obxectivo desta institución por detectar, diagnosticar e contribuír á solución dos problemas existentes nas sociedades contemporáneas, e de promover políticas activas de igualdade e promoción social”.

Cara materializar este compromiso coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a Universidade de Vigo ten constituído a Unidade de Igualdade, por acordo do Consello de Goberno dende o ano 2006, como instrumento de xestión responsable da incorporación transversal do principio de igualdade efectiva entre os homes e as mulleres en todos os ámbitos da comunidade universitaria.

Ten encomendada a tarefa de promover medidas que garantan o acceso en igualdade de condicións á investigación a aos estudos universitarios, ao traballo e á promoción profesional das mulleres e dos homes na Universidade de Vigo, así como realizar o seguimento do desenvolvemento e cumprimento da lexislación e dos plans e medidas que se adopten na materia.

Tendo en conta que a igualdade como valor incorpórase na propia da misión da institución, debe ser un marco de referencia que oriente as aspiracións e os comportamentos, e debe trasladarse á praxe da vida universitaria.

### **BALANCE DA UNIDADE DE IGUALDADE. ANO 2012-2013**

A Universidade de Vigo, aprobou durante o ano académico 2012-2013, o seu “I Plan de Igualdade entre mulleres e homes 2012-2014” que reúne o conxunto de accións que se deberán promover para lograr a igualdade real entre as mulleres e homes que conforman a súa comunidade universitaria.

Ao longo de 2012-13, a Unidade de Igualdade desenvolveu un calendario de actividades que estiveron centradas en ciclos de conferencias, cine, e xornadas específicas ademais de celebracións de datas sinaladas, cursos de formación e xénero e diferentes eventos cara a contribuír a visibilizar as manifestacións artísticas das mulleres e a súa incursión na sociedade da contorna máis próxima.

Acción de formación en favor de políticas non discriminatorias

Durante ese ano académico a Unidade de Igualdade organizou, en colaboración co Servizo de Persoal de Administración e Servizos e a Área de Formación e Innovación Educativa os seguintes cursos, seminarios e talleres dirixidos tanto ao persoal de Administración e Servizos, como ao Persoal Docente e Investigador. A continuación se detallan e se indica a asistencia aos mesmos.

Dirixido ao Persoal de Administración e Servizos:

\_ “Políticas públicas da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e promoción profesional” de 16 horas de duración. Desenvolvéronse 3 edicións, unha en cada campus da Universidade de Vigo, que cursaron un total de 30 persoas.

Dirixido ao Persoal Docente e Investigador:

\_ “Seminario de Presentación da Guía para a inclusión da perspectiva de xénero nos contidos da investigación” de 2 horas de duración ao que asistiron 20 persoas.

\_ Taller formativo para o PDI: “Como incorporar a perspectiva de xénero nas guías docentes” cunha duración de 30 horas ao que asistiron 21 persoas.

\_ Taller «Formación en linguaxe inclusiva para o Persoal Docente e Investigador» con 12 horas de duración ao que asistiron 15 persoas.

A Unidade de Igualdade colaborou coa Área de Apoio á Docencia e Calidade no proceso de posta ao día de procedementos de calidade revisando o emprego dunha linguaxe inclusiva e o contido deles para incorporar a perspectiva de xénero.

Recentemente a Unidade de Igualdade puxo a disposición de toda a comunidade universitaria unha base de datos dos equipos de investigación que están a desenvolver liñas de investigación en xénero na Universidade de Vigo como modo de contribuír á difusión da investigación en xénero e a súa transferencia de coñecemento á sociedade.

#### *Outras actividades en favor da promoción da igualdade*

Durante o curso 2012-2013 leváronse a cabo un ampla oferta de actividades neste ámbito, que incluíron:

- \_ Xornadas de innovación docente e investigación
- \_ Actos institucionais conmemorativos
- \_ Actividades de sensibilización contra a violencia de xénero
- \_ Actividades de visibilización sobre a labor que realiza a muller na sociedade
- \_ Convocatorias de axudas
- \_ Actividades de formación
- \_ Publicación do “Manual de linguaxe inclusivo no ámbito universitario” que ofrece as estratexias necesarias para empregar unha linguaxe non discriminatoria.

## 5. Transparencia e sustentabilidade na xestión económica

Neste capítulo ofrécese información sobre o desempeño económico en xeral, ademais do grao de cumprimento do seu orzamento e dos resultados económicos obtidos pola Universidade de Vigo durante o exercicio obxecto desta Memoria.

Moita da información empregada neste capítulo procede do Resumo da Conta Anual do Exercicio 2013, [http://www.uvigo.es/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/estudios-programas/Resumo\\_Conta\\_Anual\\_2013\\_UVIGO.pdf](http://www.uvigo.es/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/estudios-programas/Resumo_Conta_Anual_2013_UVIGO.pdf), documento que a súa vez emana da Conta Anual do exercicio 2013, contas que atendendo ao indicado no Real Decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, que modificou algúns apartados da Lei Orgánica de Universidades, a Universidade de Vigo presentou perante a Comisión Económica do Consello Social, antes do primeiro de marzo do 2014, a **Liquidación** do seu Orzamento do exercicio 2013, acompañado da Carta de Avance e do Borrador de Informe Adicional ao de Auditoría.

A UVIGO procura que o principio de transparencia na xestión sexa unha conduta real da institución, dirixido a garantir un comportamento legal, ético e responsable socialmente.

### 5.1 Xestión orzamentaria e situación económico-patrimonial da Universidade de Vigo

O Orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2013 recolle as obrigas que así como os dereitos que se prevén liquidar durante o correspondente exercicio, cumprindo cos principios da sustentabilidade financeira e consonte o teito de gasto establecido para dito exercicio.

*Cadro. Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2013 (€)*

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.779.000	379.526	16.158.526
IV. Transferencias e subvencións correntes	111.954.848	935.925	112.890.773
V. Ingresos patrimoniais	355.000	2.378	357.378
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>128.088.848</b>	<b>1.317.829</b>	<b>129.406.677</b>
VI.- Alleamento de investimentos reais	0	0	0
VII.-Transferencias e subvencións de capital	24.313.964	300.701	24.614.665
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>24.313.964</b>	<b>300.701</b>	<b>24.614.665</b>
<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>152.402.812</b>	<b>1.618.530</b>	<b>154.021.342</b>
VIII. Variación de activos financeiros	10.813.540	11.293.977	22.107.517
IX. Variación de pasivos financeiros	0	0	0
<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>10.813.540</b>	<b>11.293.977</b>	<b>22.107.517</b>
<b>TOTAL</b>	<b>163.216.352</b>	<b>12.912.506</b>	<b>176.128.858</b>

O orzamento inicial do exercicio 2013 aprobouse por un importe de 163.216.352 euros, un 0,15% máis que o no exercicio precedente. Ao longo do ano realizáronse modificacións orzamentarias que supuxeron un incremento de 12.912.506 € sobre o orzamento inicial. Na segunda columna do cadro detállanse por capítulos as modificacións orzamentarias realizadas e que veñen significando un 18,41% menos que as do exercicio anterior.

Cadro: Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2013 (€)

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
I. Gastos de persoal	93.238.000	0	93.238.000
II. Gastos correntes en bens e servizos	24.909.149	2.399.810	27.308.959
III. Gastos financeiros	50.000	98.443	148.443
IV. Transferencias correntes	8.523.200	45.103	8.568.303
V. Fondo de continxencia	360.000	-161.204	198.796
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>127.080.349</b>	<b>2.382.152</b>	<b>129.462.501</b>
VI. Investimentos reais	33.366.003	10.521.633	43.887.636
VII. Transferencias de capital	0	0	0
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>33.366.003</b>	<b>10.521.633</b>	<b>43.887.636</b>
<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>160.446.352</b>	<b>12.903.785</b>	<b>173.350.137</b>
VIII. Activos financeiros	120.000	8.722	128.722
IX. Pasivos financeiros	2.650.000	0	2.650.000
<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>2.770.000</b>	<b>8.722</b>	<b>2.778.722</b>
<b>TOTAL</b>	<b>163.216.352</b>	<b>12.912.506</b>	<b>176.128.858</b>

Cadro: Evolución do orzamento e as súas modificacións 2009-2013 (€)

	2009	2010	2011	2012	2013
<b>Orzamento inicial</b>	<b>182.217.836</b>	<b>176.000.320</b>	<b>167.903.853</b>	<b>162.969.745</b>	<b>163.216.352</b>
<b>Modificacións orzamentarias</b>	<b>21.932.355</b>	<b>22.633.252</b>	<b>14.506.050</b>	<b>15.826.462</b>	<b>12.912.506</b>
<i>Xeracións de crédito</i>	<i>2.516.699</i>	<i>2.676.773</i>	<i>1.388.059</i>	<i>6.766.906</i>	<i>1.621.282</i>
<i>Incorporación de remanentes</i>	<i>19.415.656</i>	<i>19.956.478</i>	<i>13.117.991</i>	<i>9.059.556</i>	<i>11.291.225</i>
<i>Transferencias de crédito</i>	<i>581.725</i>	<i>1.646.826</i>	<i>5.702.449</i>	<i>2.494.981</i>	<i>453.119</i>
<b>Orzamento definitivo</b>	<b>204.150.191</b>	<b>198.633.572</b>	<b>182.409.903</b>	<b>178.796.207</b>	<b>176.128.858</b>

**Evolución do resultado orzamentario**

A universidade, malia as medidas de minoración salarial impostas pola Xunta de Galicia e descontado o efecto das mesmas, mantén unha liña de estabilidade e de mellora relativa nos seus ingresos o que reforza a súa viabilidade futura.

*Cadro. Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2009 a 2013 (€)*

	2009	2010	2011	2012	2013
Ingresos (dereitos recoñecidos)	176.923.253	157.969.205	155.204.321	148.355.503	151.150.166
<b>% variación anual</b>	<b>4,78%</b>	<b>-10,71%</b>	<b>-1,75%</b>	<b>-4,41%</b>	<b>1,88%</b>

*Cadro. Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2009 a 2013 (€)*

	2009	2010	2011	2012	2013
Gastos (obrigas recoñecidas)	167.239.407	169.781.026	154.660.658	148.728.461	142.360.844
<b>% variación anual</b>	<b>-2,33%</b>	<b>1,52%</b>	<b>-8,91%</b>	<b>-3,84%</b>	<b>-4,28%</b>

O **resultado orzamentario**, que se conceptúa como a diferenza entre a totalidade dos dereitos recoñecidos netos durante o exercicio e a totalidade das obrigas recoñecidas netas do mesmo exercicio, acadou a cifra positiva de 8.789.323€. Este resultado sobresaínte obedece ás diferenzas de realización entre os ingresos estimados e os gastos previstos, en especial os asociados ao proxecto TACTICA.

**Situación económico – patrimonial da Universidade de Vigo**

A Conta do Resultado Económico-Patrimonial da Universidade de Vigo a 31 de decembro de 2013 que amosa un resultado negativo de (-) 5.727.007€ o que supón un empeoramento significativo respecto o 2012.

*Cadro. Conta do Resultado Económico Patrimonial da UVigo 2013-2012 (€)*

Descrición	Exercicio 2013	Exercicio 2012
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais	29.177,77	8.767,70
2. Transferencias e subvencións recibidas	121.129.244,41	126.697.790,58
3. Ventas netas e prestación de servizos	18.366.192,59	23.051.629,02
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	4.406.004,67	4.208.315,61
<b>A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA</b>	<b>143.930.619,44</b>	<b>153.966.502,91</b>
8. Gastos de persoal	96.440.097,51	94.819.045,98
9. Transferencias e subvencións concedidas	6.502.059,98	7.270.089,19
11. Outros gastos de xestión ordinaria	34.273.809,84	41.347.980,84
12. Amortizacións de inmovilizado	10.136.252,55	9.464.633,07
<b>B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA</b>	<b>147.352.219,88</b>	<b>152.901.749,08</b>
<b>I. Resultado da xestión ordinaria (A-B)</b>	<b>-3.421.600,44</b>	<b>1.064.753,83</b>



13. Deterioro do valor e resultados polo alleamento do inmovilizado non financeiro e	-2.097.531,23	111.809,33
14. Outras partidas non ordinarias	165.740,33	721.363,74
<b>II. Resultado das operacións non financeiras (I-13+14)</b>	<b>-5.353.391,34</b>	<b>1.897.926,90</b>
15. Ingresos financeiros	345.514,89	715.727,29
16. Gastos financeiros	-142.498,65	-164.846,23
20. Deterioro do valor, baixas e alleamento de activos e pasivos financeiros	-576.631,83	-228.186,42
<b>III. Resultado das operacións financeiras (15-16-20)</b>	<b>-373.615,59</b>	<b>322.694,64</b>
<b>IV. Resultado Neto do Exercicio (II+III)</b>	<b>-5.727.006,93</b>	<b>2.220.621,54</b>

O Balance como estado económico – financeiro reflicte a situación patrimonial da universidade a 31 de decembro de 2012, así como as cifras comparativos do exercicio anterior. Estes datos amosan elevada solidez da posición da Universidade de Vigo.

*Cadro. Balance de Situación da UVigo 2013-2012 (€)*

<i>Descrición</i>	<i>Exercicio 2013</i>	<i>Exercicio 2012</i>
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>219.851.849,16</b>	<b>218.743.172,47</b>
I. Inmovilizado intanxible	691.995,01	777.993,49
II. Inmovilizado material	213.297.291,13	212.117.448,19
IV. Investimentos financeiros a longo prazo en entidades do grupo	5.856.277,52	5.847.730,79
V. Investimentos financeiros a longo prazo	6.285,50	0,00
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>72.229.562,63</b>	<b>67.645.644,67</b>
III. Debedores e outras contas a cobrar	36.113.625,91	43.339.227,75
V. Investimentos financeiros a curto prazo	532.542,68	700.464,99
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	35.583.394,04	23.605.951,93
<b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>	<b>292.081.411,79</b>	<b>286.388.817,14</b>
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>251.454.964,70</b>	<b>242.363.935,84</b>
I. Patrimonio	268.318.132,87	268.318.132,87
II. Patrimonio xerado	-16.863.168,17	-25.954.197,03
<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>21.595.193,92</b>	<b>24.638.167,35</b>
I. Provisións a longo prazo	5.085.545,35	5.085.545,35
II. Débedas a longo prazo	16.509.648,57	19.552.622,00
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>19.031.253,17</b>	<b>19.386.713,95</b>
II. Débedas a curto prazo	3.200.000,00	3.039.244,34
IV. Acredores por operacións de xestión	5.397.985,58	7.824.588,94
V. Axustes por periodificación	10.433.267,59	8.522.880,67
<b>TOTAL PASIVO (A+B+C)</b>	<b>292.081.411,79</b>	<b>286.388.817,14</b>

## 5.2 Relación económica cos grupos de interese

Neste apartado detállanse os fluxos de capitais con respecto aos principais s grupos de interese que recoñecemos con carácter de maior relevancia para a Universidade de Vigo: os grupos de investigación, o persoal da universidade, os entes implicados nos investimentos de infraestrutura, os beneficiarios da partida de transferencias correntes así como os provedores de bens e servizos.

Nos gastos de persoal, o seu importe acadou no 2013 os 88.978.519€, manténdose nunhas cifras similares ás do exercicio 2012. Esta cifra permite cumprir co establecido na Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG nº 42 do 28 de febreiro de 2013) e ao tempo manter a aposta da universidade polo seu capital humano.

*Cadro. Gasto de persoal (obrigas contraídas). Anos 2013 e 2012 (€)*

Denominación	2013	Importe da variación s/ 2012	% de variación s/ 2012	2012
Altos cargos e persoal eventual	372.318	2.572	0,70%	369.746
Funcionarios	50.280.337	-365.452	-0,72%	50.645.790
Laborais	9.815.428	427.246	4,55%	9.388.182
Outro Persoal	15.497.052	-358.096	-2,26%	15.855.148
Incentivos ao rendemento	733.851	-3.528	-0,48%	737.379
Gastos Sociais	12.279.533	410.826	3,46%	11.868.707
<b>TOTAL</b>	<b>88.978.519</b>	<b>113.568</b>	<b>0,13%</b>	<b>88.864.951</b>

O capítulo de investimentos no ano 2013 chega aos 21.927.360€, cun decrecemento porcentual dun (-) 19,10% con respecto ao 2012.

*Cadro. Gasto en investimentos (obrigas recoñecidas). Anos 2013 e 2012 (€)*

Denominación	2013	Importe da variación s/ 2012	% de variación s/ 2012	2012
Investimentos asociados ao funcionamento dos	6.738.820	-3.503.720	-34,21%	10.242.540
Gasto en investimentos de carácter inmaterial	15.188.540	-1.674.621	-9,93%	16.863.161
<b>TOTAL</b>	<b>21.927.360</b>	<b>-5.178.341</b>	<b>-19,10%</b>	<b>27.105.701</b>

O **gasto en transferencias correntes** acadou un importe de 6.428.444€, cun decrecemento porcentual do (-) 9,16%. Pese a estes datos salienta que segue a manterse a liña de traballo e a aposta da institución polo programa propio de bolsas e axudas. Así, neste exercicio incorporouse ás axudas propias da universidade á convocatoria de axudas por circunstancias sobrevidas de especial desprotección. Malia todo, o esforzo feito pola nosa institución non é quen de compensar a caída das axudas estatais.

Cadro. Gasto en transferencias correntes. Anos 2013 e 2012 (€)

Denominación	2013	Importe da variación s/ 2012	% de variación s/ 2012	2012
Transferencias a entidades públicas e privadas	2.389.135	975.582	69,02%	1.413.553
Transferencias a familias e institucións sen ánimo de lucro (bolsas e subvencións)	2.699.387	-881.552	-24,62%	3.580.939
Transferencias ao exterior (intercambios ERASMUS, LIG, etc)	1.339.921	-742.601	-35,66%	2.082.522
<b>TOTAL</b>	<b>6.428.444</b>	<b>-648.571</b>	<b>-9,16%</b>	<b>7.077.014</b>

As bibliotecas están ao servizo de toda a comunidade universitaria e da sociedade en xeral. O gasto total neste recurso correspondente a adquisicións ascendeu no ano 2013 a 2.309.904 euros, sendo a partida mais importante os gastos en información electrónica.

Así mesmo o gasto de persoal afecto a esta recurso foi de 3.608.726 €.

Gastos biblioteca	Ano 2013
-------------------	----------

#### Gasto (en euros) en recursos de información

	2.309.904 €
Compra de monografías en papel	313.866 €
Compra de monografías audiovisuais	SEN DATOS
Suscripción de publicacións periódicas papel	589.453 €
Gasto en compra de material non librario	SEN DATOS
Gasto en monografías electrónicas de pago ou con licenza	26.557 €
Gasto en publicacións periódicas electrónicas de pago ou con licenza	1.217.778 €
Gasto en bases de datos de pago ou con licenza	162.250 €

#### Gasto en información electrónica

1.406.585 €

Custe do persoal (euros)
--------------------------

9.4.1. Custe de bibliotecarios/as	1.584.389
9.4.2. Custe de auxiliares de biblioteca	1.799.194
9.4.3. Custe de estudantes bolseiros/as	0
9.4.4. Custe de persoal especializado	139.837
9.4.5. Custe de persoal administrativo	85.306

### 5.3. Contratación Administrativa

A Universidade de Vigo está na procura de incorporar paulatinamente criterios de responsabilidade social para a inclusión de cláusulas e prescricións na contratación pública correspondentes ós distintos tipos de contratos administrativos.

No exercicio, prodúcese un decrecemento tanto no número de expedientes licitados, como no importe licitado por procedemento aberto ou negociado, baixo xestión centralizada. Isto ven motivado polo carácter cíclico dalgúns contratos de servizos e pola diminución na execución dos fondos competitivos obtidos pola universidade.

#### Cadro. Comparativo do volume de contratación Exercicios 2013/2012

	Exercicio 2013	Exercicio 2012	Diferenzas (valor absoluto)	Diferenzas (porcentuais)
<b>Importes de licitación</b>	13.385.687	18.269.414	-4.883.727	-26,73%
<b>Numero de expedientes</b>	35	49	-14	-28,57%

A continuación amósase un resumo das adxudicacións, distinguindo por tipos de contrato e a súa vez polos procedementos e formas de adxudicación. Neste exercicio mantense o maior peso dos expedientes tramitados por procedemento aberto, que superan en número aos procedementos negociados.

#### Cadro. Resumo por tipo e procedemento de adxudicación no Exercicio 2013


Tipo de Contrato	Obras	Servizos	Subministracións	Privados	Administrativos Especiais	Total
Procedemento Aberto	1	10	8	1	2	22
Procedemento Negociado	1	7	5	0	0	13

A información anterior complementábase cos datos económicos contidos no seguinte cadro, no cal obsérvase que as baixas producidas acadaron un importe de 1.077.605€, un 8,05% porcentual verbo dos importes de licitación, en liña cos resultados acadados en exercicios anteriores.

#### Cadro. Resumo por tipo, importes e ratios principais no Exercicio 2013

Tipo de Contrato	Obras	Servizos	Subministracións	Privados	Administrativos Especiais	Total
<b>Importe de Licitación</b>	462.883	10.613.546	2.309.257	0	0	<b>13.385.687</b>
<b>Importe de Adxudicación</b>	366.603	9.825.891	2.115.588	0	0	<b>12.308.082</b>
<b>Diferenzas (valor absoluto)</b>	-96.280	-787.655	-193.670	0	0	<b>-1.077.605</b>
<b>Diferenzas (porcentuais)</b>	-20,80%	-7,42%	-8,39%	0,00%	0,00%	<b>-8,05%</b>

### Volumen global de contratación




#### 5.4. Responsabilidade na cadea de aprovisionamentos

Durante o exercicio 2013 a UVIGO tivo relación con un total de 3.354 provedores externos que lle facturaron en total 34.969.384€. O importe promedio por provedor é de 10.426€, sendo o tramo de facturación de 10.001 a 50.000€, o que absorbe a parte máis importante do orzamento cun 34%.

<i>Facturas Recibidas Ejercicio 2013</i>		<i>Tramos</i>	<i>% Facturas</i>	<i>% Importe</i>
Número total de provedores	3.354	de 0 a 100 €	42%	2%
Número total de facturas	34.213	de 101 a 1000 €	44%	14%
Importe total facturado	34.969.384€	de 1001 a 10.000 €	12%	34%
Importe promedio por factura	1.022€	de 10.001 a 50.000 €	1%	25%
Importe promedio por provedor	10.426 €	máis de 50.000 €	0,3%	25%
Promedio nº facturas por provedor	10,2	<b>Total</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>


## % Facturado por TRAMO



O seguinte cadro recolle as cifras de facturación atendendo a procedencia dos provedores. Consideramos provedores locais os das provincias de Pontevedra e Ourense, onde teñen sede os campus da UVIGO; estes representan máis do 50% do número de provedores e facturan 15.857.590€, o que representa un 45,35% do total.

Ámbito	nº Provedores	Total facturado	% facturado	% provedores	Facturación Media por tipo de proveedor
Locais	1.725	15.857.590	45,35%	51,43%	9.193
Rexional	370	5.474.227	15,65%	11,03%	14.795
Nacional	909	12.558.956	35,91%	27,10%	13.816
Estranxeiro	350	1.078.612	3,08%	10,44%	3.082
Total xeneral	3.354	34.969.384	100,00%	100,00%	10.426

## % facturada por orixe de proveedor



## 6. A Universidade de Vigo e o Medioambiente

A dimensión ambiental da sustentabilidade fai referencia aos impactos dunha organización nos sistemas naturais vivos e inertes, entre eles, o solo, a auga e o aire. En concreto fai referencia aos impactos relacionados cos insumos (enerxía e auga, por exemplo) e os produtos froito de emisións e desfeitos. Así mesmo abarca aspectos como a biodiversidade, o transporte e a repercusión de produtos e servizos.

A UVIGO, a través da Oficina de Medio Ambiente (OMA), comezou no ano 2002 a estudar o seu impacto ambiental derivado do consumo de recursos, desenvolvendo o “*Estudo de Consumos Enerxéticos da Universidade de Vigo*”. A análise dos datos amosa os consumos anuais de electricidade, auga, gas natural e gasóleo, nos distintos centros universitarios. O obxectivo deste estudo era ter unha estima da enerxía consumida e do gasto, realizar o seu seguimento anual e detectar posibles problemas e oportunidades de aforro.

<i>Consumos UVIGO</i>	<i>Ano 2013</i>
Electricidade	13.997.710 kWh
Gasóleo C	1.051.817 L
Gas natural	62.966 m <sup>3</sup>
Consumo estimado de auga para rega no campus Lagoas-Marcosende	45.000 m <sup>3</sup>

A OMA ten, entre as súas principais funcións, asesorar á comunidade universitaria en materia ambiental cara a 1) promover un uso sustentable dos recursos naturais e materias primas, reducindo a produción de residuos; 2) fomentar a educación e sensibilización medioambiental e 3) conservar os ecosistemas naturais e a diversidade biolóxica dos tres campus.

### 6.1 Principais actividades desenvolvidas durante 2012-2013

#### **Xestión ambiental: manexo de recursos, materias primas e residuos**

##### *\_ Seguimento do sistema de xestión ambiental.*

Este labor adopta a forma de reunións periódicas coa alta dirección da UVIGO orientadas á mellora continua no que se refire a control de consumos, xeración de residuos-emisións-verteduras-ruído, identificación e avaliación de aspectos ambientais, cumprimento legal, establecemento de metas, formación ambiental do persoal, comunicacións internas e externas, seguimento e medición, definición de actuacións ante emerxencias ambientais, xestión de non-conformidades, accións correctivas e preventivas, planificación de auditorías e revisión.

Cada ano ten lugar unha auditoría interna de revisión previa á auditoría do órgano certificador do sistema, quen emite e avalía a renovación dos certificados do sistema baixo a norma UNE-EN ISO 14001:2004. Os certificados iniciais foron outorgados no verán de 2012, e tras cada auditoría revísanse, atendendo e corrixindo as desviacións e non conformidades detectadas, para que o órgano certificador poida confirmar o seu correcto funcionamento e expedir a correspondente renovación.

A curto prazo, en colaboración coa vicerreitoría do campus de Pontevedra, preténdese abordar para todo ese campus un sistema de seguimento e xestión ambiental dentro do marco do Programa Green Campus, coordinado pola entidade Adeac.

*\_ Recollidas de residuos perigosos dos laboratorios e servizos da UVIGO*

Ao longo do ano coordináronse e supervisáronse as recollidas de residuos perigosos a través de xestor autorizado, realizadas nos distintos centros dos tres campus, dando cumprimento a tódalas obrigas e trámites legais que esixe a normativa relativa á xestión deste tipo de residuos (Lei 22/2011, Lei 10/2008, RD 833/1988, RD 952/1997).

Recompílanse datos sobre as recollidas para a elaboración de informes anuais e a planificación dos Estudos de Minimización correspondentes. Cúmprese periodicamente coa elaboración do Autodiagnóstico Ambiental, que é enviado anualmente ao órgano autonómico ambiental, coa enquisa anual do INE, e coa enquisa do Ministerio do Interior sobre Substancias Químicas Catalogadas.

En 2013 recolléronse na UVIGO 19.382 kg de residuos perigosos.

*\_ Recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs)*

Colabórase co GRUVI (Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo) na selección do material informático potencialmente reutilizable, trasladándoo ao seu taller. Este material é reconstruído ou recuperados parte dos seus compoñentes electrónicos, destinándoo a institucións e entidades sen ánimo de lucro, a través de campañas de doazón de convocatoria pública. Os restos de material non aproveitables recóllense para o seu envío a xestor autorizado.

Durante o ano 2013 a Universidade de Vigo xenerou 5.096,3 kg de RAEEs

*\_ Residuos SANDACH (trátase de subprodutos animais non destinados ao consumo humano).* A este tipo de residuos corresponden os animais mortos xerados pola investigación e experimentación nas facultades de Ciencias, e anualmente estanse a producir arredor duns 100-150 kg anuais.

*\_ Recollida de fluorescentes e lámpadas de baixo consumo.*

A UVIGO ten asinado un convenio con *Ambilamp* polo que esta entidade recolle gratuitamente este tipo de residuos nos campus. Para isto puxo a disposición da UVIGO unha serie de colectores especiais localizados en zonas centralizadas de cada campus, onde se van dispoñendo adecuadamente este tipo de residuos para a súa ulterior recollida pola entidade.

*\_ Cada ano, dende 2012, a UVigo traballa no seguimento e cuantificación do seu impacto ambiental en base ao estudo da Pegada de Carbono e da Pegada Ecolóxica.*

Estes dous indicadores miden o efecto das emisións de gases invernadoiro (GEI) derivadas das súas actividades, e as causas que as producen, coa finalidade de coñecer o impacto ambiental que relaciona os recursos existentes coa capacidade ecolóxica da terra de xerar os devanditos recursos.

Este documento ten un importante interese e utilidade, debido a que pon de manifesto un compromiso de mellora continua da UVIGO de cara á redución de emisións e á eficiencia enerxética. Así mesmo, actúa como instrumento de sensibilización social da comunidade universitaria, fomentando prácticas máis sustentables no exercicio e uso das actividades desta universidade.

*\_ En colaboración co Departamento de Obras e Infraestruturas e a Unidade Técnica da UVIGO, a OMA está facendo unha primeira aproximación na elaboración dos informes preceptivos que comeza a requirir a normativa para a certificación enerxética dos edificios. Dentro do Plan SuMA (Sustentabilidade Ambiental), a OMA ten persoal encargado da recollida de datos de consumos e características construtivas e xeométricas dos edificios, cos cales poder calcular os valores requiridos para elaborar os informes para as súas cualificacións enerxéticas. Este ano comezouse polo pavillón Polideportivo de Pontevedra.*



\_ A OMA colabora co Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UVIGO, apoiándoio na identificación e descrición de riscos, implementando esta información en planos para cada edificio, que formará parte dos plans de prevención. Ao mesmo tempo tamén se realizaron deseño de trípticos e elaboración de paneis informativos sobre riscos laborais e ambientais nos laboratorios, co fin de ter permanente informada a comunidade universitaria sobre os perigos potencias neste ámbito e o xeito de actuar ante eles.

#### ***Acción en favor da sensibilización e formación medioambiental. Ano 2013***

\_ “Universidade é Natureza” e “Ruta das Árbores” (itinerarios ambientais guiados polos campus)  
No ano 2013 levouse a cabo a 10ª edición do Programa de Educación Ambiental “Universidade é Natureza” dirixido a estudantes de centros de distintos niveis de ensino obrigatorio, dos colexios e institutos do Concello de Vigo e arredores.

Tamén teñen acceso a estas rutas membros da comunidade universitaria e persoas alleas a esta, organizados en grupos de visita.

Durante este ano participaron no programa arredor de 615 alumnos e 25 profesores, pertencentes a 10 centros.

\_ Convocatorias das bolsas (2012/2013) de formación complementaria para estudantes da UVIGO e participación nos programas de voluntariado: 2 para estudantes de posgrao dentro do ámbito do Desenvolvemento Sustentable e a Xestión Ambiental, e 5 bolsas para diferentes programas dentro dos Programas do Plan SuMa.

A OMA a través do Servizo de Voluntariado da UVIGO, tamén acolle voluntariados para acometer tarefas de apoio dentro das liñas ambientais marcadas.

\_ Campaña Cheo por Favor

Co programa “Cheo por Favor” téntase fomentar compartir coche nos traslados dentro do ámbito universitario. Pretende reducir o número de vehículos que se desprazan aos distintos campus. Durante todo o período que leva en activo esta campaña, participaron máis de 225 persoas, compartindo arredor de 60 traxectos.

\_ Elaboración de paneis da natureza

Para o campus de Vigo, en colaboración coa Unidade de Xardinería da UVIGO e o Servizo de Mantemento de Zonas Verdes, deseñáronse e elaboráronse nove paneis con información ambiental sobre varios ecosistemas que conforman o campus natural das Lagoas-Marcosende (carballeiras, ribeiras fluviais, lagoas, mato, pradarias, soutos, sobreiral, equisetos). En breve procederase á súa colocación nas distintas unidades ambientais do campus.

#### ***Accións en favor da conservación do medio natural. Ano 2013***

\_ Repoboación e mantemento das plantacións de árbores facendo fincapé nas plantacións de reforzo, ampliación e mellora de zonas, así como reposición de marras: árbores, arbustos, vivaces e tapizantes, maioritariamente ornamentais, mais tamén autóctonas.

\_ En Pontevedra instalouse unha horta escolar e plantáronse froiteiras.

\_ No campus de Ourense, co obxectivo de ir completando o xardín botánico, plantáronse varias árbores exóticas e ornamentais singulares. Séguese cos traballos de posta en coñecemento e potenciación dos valores naturais do campus (creación de rutas ambientais e a sinalización de especies).

Tamén se continúan os labores da horta urbana (espazo rehabilitado duns 250 m<sup>2</sup>), dotada de 10 parcelas con rega individual, para o seu uso por parte dos alumnos do Programa para Maiores (adecuouse o seu acceso).

\_ Estudo dos recursos hídricos do campus das Lagoas-Marcosende de Vigo. No ano 2013 realizouse un inventario dos principais recursos hídricos subterráneos (pozos) e superficiais (lagoas) do campus das Lagoas-Marcosende de Vigo.

\_ Ademais do indicado, a UVIGO traballa noutros eidos relativos á sensibilización e implantación de boas prácticas ambientais e á mellora dos hábitos de comportamento da comunidade universitaria.

Neste sentido oriéntase un dos sete programas xerais do Plan SuMA, o denominado “*Programa Tp: Transporte*”. A finalidade deste programa é analizar a mobilidade na UVIGO e propoñer accións e medidas de mellora para acadar ***unha mobilidade cada vez máis sustentable***. Neste programa atópanse as seguintes actuacións e estudos realizados:

- \_ *Programa de conducción eficiente*: organización de cursos gratuítos.
- \_ *Móvete no circular*: servizo de transporte dentro do propio campus.
- \_ *Cheo por favor*: promove o uso compartido de coche coa finalidade de reducir o transporte privado.
- \_ *Día sen coches*: organización de actividades no mes de setembro que pretenden divulgar o concepto de mobilidade sustentable.

Así mesmo, púxose en marcha unha *campaña de doazón de reactivos de laboratorio en desuso*. Trátase dun programa de doazón de reactivos entre laboratorios, coa axuda dunha plataforma virtual na web da OMA, mediante a cal as persoas responsables dos laboratorios informan da existencia de reactivos en desuso non caducados, de xeito que outros laboratorios que os precisen os poidan aproveitar. Deste xeito, diminúese a xeración de residuos e a compra de reactivos novos.

Tamén estase a desenvolver un *programa de recollida de teléfonos móbiles endesuso*. A Oficina de Medio Ambiente (OMA) colabora activamente coa campaña dereciclaxe de teléfonos móbiles, lanzada polo Instituto *Jane Goodall* España.

A Oficina de Medio Ambiente da Universidade (OMA) colabora no proxecto *EcoRAEE* co obxectivo de avaliar a análise do ciclo de vida (ACV) do proceso dereutilización dun RAEE e comparalo posteriormente coa ACV do proceso de reciclaxe. Este proxecto aposta pola reutilización fronte á reciclaxe, e trata de demostrar que aumentar a vida útil dos aparellos eléctricos e electrónicos é unha solución viable económica, técnica e ambientalmente para este tipo de residuos, que representan o 4% do total do lixo xerado en Europa.

A OMA, dentro do *programa de Educación Ambiental “Universidade e Natureza”*, desenvolve actividades de divulgación e sensibilización mediante a realización de itinerarios dirixidos a escolares de tódolos centros educativos do Concello de Vigo e arredores. O programa emprega, como principal actividade, a realización de itinerarios guiados que atravesan diferentes hábitats propios da rexión galega, nos que se dan a coñecer a flora autóctona e a fauna que habita no campus, ao mesmo tempo que se tenta concienciar e sensibilizar os rapaces sobre a importancia de respectar e conservar o noso medio.

Por outra banda, hai que destacar o labor da Unidade de Xardinería da universidade. Este servizo segue unha *política de conservación dos ecosistemas naturais e da diversidade biolóxica*.

#### ***Outras medidas en favor da sustentabilidade medioambiental realizadas durante 2012-2103.***

- Substitución de cubertas nas facultades do campus de Vigo e Pontevedra.
- Reformas do alumeadado na Facultade de Ciencias Económicas e no Reitorado do campus de Vigo.
- Instalación dun sistema automatizado de regulación de cargas no campus de Pontevedra.
- Instalación de control domótico vía remota para cargas enerxéticas do campo de rugby no campus de Ourense.

- Instalación de cuberta acristalada e optimización do subministro de auga quente sanitaria na cociña da Facultade de Ciencias Sociais do campus de Pontevedra.
- Reparación de carencias no sistema solar do pavillón de deportes do campus de Ourense.
- Realización de obras de climatización da Biblioteca e aulas da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.
- Instalación de porta automática na facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra.
- Todas estas prácticas e proxectos contribúen de xeito moi positivo de cara a un desenvolvemento máis sustentable e, de forma conxunta, favoreceron unha
- redución de arredor dun 10% da *pegada de carbono* e un 17% nas toneladas de
- CO2 por persoa.

## 6.2 Compromiso coas boas prácticas na redución do impacto ambiental

No seguinte cadro figuran a relación de acción útiles, boas prácticas, recomendadas pola Universidade de Vigo para a redución de consumos.

### BOAS PRÁCTICAS CARA Á REDUCIÓN DE...

#### Consumo de gasóleo C e gas natural

- Facer uso responsable da calefacción e do aire acondicionado.
- Manter os radiadores e as saídas de aire acondicionado libre de obstáculos e evitar perdas na climatización
- Pechar os radiadores de salas baleiras ou minimizar os sistemas de calefacción, na medida do posible.
- Manter un control da temperatura (Temperatura ideal: 19°C en inverno e 22°C no verán).
- Usar o papel en lugar dos secadores de man dos baños.

#### Consumo eléctrico

- Optimizar e aproveitar ao máximo a luz natural (abrir persianas e cortinas, situar e orientar ben os postos de traballo, etc.).
- Elixir cores claras para paredes e teitos co obxecto de obter maior luminosidade.
- Substituír as lámpadas tradicionais por outras de baixo consumo.
- Empregar niveis de iluminación axeitados para as actividades que se realicen.
- Apagar a luz de estancias baleiras (excepto no caso dos tubos fluorescentes se van ser acendidos en menos de 5-10 min, pois o maior consumo de enerxía prodúcese no acendido).
- Configurar o modo de "aforro de enerxía" en todos aqueles aparatos eléctricos que dispoñan del.
- Desconectar tódolos equipos ao remate da xornada laboral.

#### Emisións de CO<sub>2</sub> asociadas á mobilidade

- Optar polos desprazamentos a pé ou en transporte público, ou favorecer o uso do coche compartido.
- Manter o vehículo en boas condicións e facer as revisións periódicas recomendadas para favorecer o aforro de combustible e reducir a emisión de gases contaminantes á atmosfera.
- Facer unha conducción eficiente (levar velocidades o máis constantes posible, evitar aceleradas e freadas bruscas e circular o maior tempo posible con marchas longas e revolucions baixas, etc.).

#### Consumo de papel

- Usar o correo electrónico para comunicacións internas, gardar os documentos en formato dixital ou compartir documentos para evitar facer copias innecesarias.
- Empregar a vista previa antes de imprimir un documento, e facelo polas dúas caras.
- Fomentar o emprego de papel reciclado, así como a reutilización de papel usado.
- Fomentar a reciclaxe de papel depositando nos colectores de recollida selectiva de papel.
- Resumindo: reducir, reutilizar e reciclar o máximo posible.

#### Consumo de auga

- Non deixar correndo o auga inutilmente.
- Non empregar o WC como vertedoiro.
- Comprobar que a billa queda ben pechada cando deixamos de usar o auga.
- Avisar ao persoal de mantemento en caso de perdas, humidades ou fugas.
- Non utilizar o desague para a eliminación de residuos.
- Empregar a descarga simple en cisternas de dobre interruptor.

#### Produción de residuos

- Correcta xestión de residuos e a separación selectiva dende a orixe (separar e identificar en colectores habilitados, non verter á rede de saneamento pública os restos de produtos químicos, etc.).
- Seguir as instrucións axeitadas para acondicionar cada unidade de residuo.
- Asegurarse de coñecer as etiquetas dos produtos perigosos (nocivo, tóxico, inflamable...)
- Aplicar o código de conduta das tres R: reducir, reutilizar e reciclar.

### 6.3 A Pegada Ecolóxica da Universidade de Vigo

[http://webs.uvigo.es/oma/document/PEGADA\\_ECOLOXICA\\_UVIGO\\_2012.pdf](http://webs.uvigo.es/oma/document/PEGADA_ECOLOXICA_UVIGO_2012.pdf)

O obxectivo da nosa sociedade de progreso debería ser conseguir un desenvolvemento sustentable, é dicir, satisfacer as necesidades presentes sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas. Por este motivo, é necesario avaliar as actividades humanas en función do impacto que producen sobre o medio e os recursos naturais. Con este fin idéanse distintos indicadores que permiten medir o consumo de recursos e o nivel de degradación provocado no medio.

Tomouse como referencia a ferramenta de análise, cálculo e comunicación, establecida no *Protocolo de Gases de Efecto Invernadoiro (GHG Protocol)*, que foi desenvolvido polo *World Resources Institute (WRI)* e o *World Business Council for Sustainable Development (WBCSD)*, xunto coa colaboración de empresas, gobernos e grupos ambientalistas de todo o mundo, co fin de construír unha nova xeración de programas informáticos efectivos, con validez e fiabilidade á hora de abordar a problemática do cambio climático.

O *GHG Protocol* ofrece unha base para a contabilidade e reporte de GEI nas empresas, de modo que garante o realismo e veracidade dos datos. Para iso utiliza unha serie de principios nos que se debe basear calquera informe de contabilidade e reporte de GEI. Os principios son relevancia, integridade, consistencia, transparencia e precisión.

Dentro dos indicadores globais que miden de xeito conxunto os efectos ambientais dunha actividade ou poboación, atópase a chamada pegada ecolóxica. Este concepto foi introducido no ano 1990 por *Mathis Wackernagel* e *William Rees* da Universidade de *British Columbia*. Pode definirse como a *superficie de terra e auga que require unha poboación para producir os recursos que consome e absorber os residuos que produce, utilizando a mellor tecnoloxía dispoñible*.

A *pegada ecolóxica* componse de subpegadas, sendo das máis relevantes, en función dos seu impacto directo no cambio climático, a *pegada de carbono*. Este indicador defínese como a *totalidade de GEI (Gases de Efecto Invernadoiro), expresados en unidades de CO<sub>2</sub>, emitidos directa e indirectamente por un individuo, organización, servizo ou produto, durante todo o seu ciclo de vida*.

A metodoloxía utilizada para o cálculo da *pegada de carbono* realízase a través de **factores de emisión**. Estes factores son específicos para cada fonte de emisión e a maioría adoitan ser actualizados periodicamente.



A través destes factores convertemos os consumos en emisións de GEI. Na maioría de fontes de emisión, como por exemplo o gasóleo ou a electricidade, trátase dun cálculo directo a partir de datos de consumo reais. En cambio, no caso particular da mobilidade ou o consumo de papel utilizado polo alumnado, obtéñense os datos a partir de enquisas ou estimacións, polo que se fai a través dun cálculo indirecto.

Para o cálculo da *pegada ecolóxica* determínase a superficie necesaria para fixar as emisións producidas polas actividades diarias, mediante a seguinte ecuación:

$$\text{Pegada ecolóxica (ha/ano)} = \frac{\text{Emisións (Tm CO}_2\text{)}}{\text{Carbono fixado (Tm CO}_2\text{/ha/ano)}}$$


A *pegada ecolóxica* da UVIGO (0,19 ha/cap) atópase entre as máis baixas das universidades analizadas. Á vista dos resultados obtidos por outras universidades españolas como a de León (0,45 ha/cap) ou a de Santiago de Compostela (0,13 ha/cap), obsérvase que a UVIGO ten un compromiso ambiental salientable, xa que, malia posuír un grande hándicap ao estar localizado o seu campus principal afastado do núcleo urbano, consegue ter unha *pegada ecolóxica* relativamente baixa. O feito de que exista unha grande extensión arborada e vexetal no campus principal das Lagoas-Marcosende é moi beneficioso, xa que actúa como sumidoiro das emisións.

**Emisións totais (Tm CO2) da UVIGO por fonte de emisión e por campus. Ano 2013.**

	Electricidade	Gasóleo	Gas natural	Mobilidade	Auga	Papel	Residuos	Edificación	TOTAL
Vigo	1.788	1.721	151	10.310	21	349	N.D.	2.338	16.678
Pontevedra	243	440	N.E.	1.139	3	86	N.D.	618	2.528
Ourense	461	658	N.E.	681	9	113	N.D.	747	2.669
TOTAL	2.492	2.820	151	12.129	33	548	11	3.703	21.886

N.E. Non empregado; N.D. Non dispoñible.

## Total Universidade de Vigo






Porcentaxe de emisións globais de CO2 por fonte de emisión e pos campus. Ano 2013

Campus de Vigo

Campus de Pontevedra

Campus de Ourense



Comparativa da pegada de Carbono (Tm CO2/ano e Tm CO27persoa/ano) en distintas universidades. Ano 2013

Universidade	Ano	Emisións asociadas á mobilidade	Emisións de CO <sub>2</sub> sen mobilidade	Pegada de carbono sen mobilidade por persoa
Universidade de Vigo	2013	12.129	9.757	0,44
Universidade da Coruña	2008	9.484	11.864	0,50
Univ. de Santiago de Compostela	2007	5.749	26.658	0,83
Universidade de Granada	2010	5.017	15.954	0,27



Avaliando a Universidade de Vigo no seu conxunto, pódese identificar como principal fonte de emisión de CO<sub>2</sub> a **mobilidade**, cunha porcentaxe de emisións do 56% (fronte ao 47% que representaba no ano 2012), seguida da edificación e o consumo de gasóleo. En cambio se analizamos estes datos por campus, pódese observar que estas porcentaxes varían considerablemente.

Nun segundo posto atópase a fonte “**edificación**” que contribúe á pegada ecolóxica global cunha porcentaxe do 17%, debido a que a UVIGO conta cunha superficie construída total de 355.391 m<sup>2</sup>. (dato do que non se daba conta no informe da Pegada de Carbono de 2012)

O **gasóleo** achega tamén unha importante parte de emisións á pegada de carbono, con valores que chegan ao 13% no ano 2013. Este tipo de combustible é utilizado para calefacción en todas as instalacións e centros, coa única excepción dos centros do campus histórico de Vigo e algúns edificios da cidade Universitaria no campus das Lagoas-Marcosende (tamén de Vigo), que utilizan gas natural.

A **electricidade** contribúe co 11% á pegada ecolóxica (unha porcentaxe moito menor cá dos anos anteriores, debido á diminución do factor de emisión có propio consumo). No ano 2012 era a segunda fonte de emisións da UVIGO, en 2013 é a cuarta.

En 2013 a UVIGO xenerou 49.100 kg de residuos urbanos (soamente correspondente ao campus de Vigo), 6.888 envases, 39.200 kg de papel/cartón e 3.100 kg de vidro.


O **papel**, os residuos, o gas natural e a auga supoñen unha achega moi baixa de emisións en comparación coas fontes anteriormente comentadas.

Analizando os campus por separado, pódese destacar que no de Vigo a importancia relativa das emisións asociadas á mobilidade é superior có global, cun 63% das emisións de CO<sub>2</sub>. Este feito explícase pola situación xeográfica do campus das Lagoas-Marcosende, a uns 15 quilómetros do centro urbano (distancia 5 veces maior ca no caso dos campus de Ourense e Pontevedra). Por esta razón o factor mobilidade ten unha menor importancia relativa no caso dos campus de Pontevedra e Ourense (45% e 26% respectivamente), o que fai que as outras fontes cobren máis relevancia, como a edificación ou o consumo de gasóleo.

### *Comparativa interanual*

O estudo no tempo da pegada de carbono é unha ferramenta axeitada para identificar as actividades que requiren melloras, ou nas que é posible introducilas de cara á redución de GEI e, deste xeito, conseguir que a UVIGO estea nun proceso de mellora ambiental continua.

Os resultados finais da pegada de carbono por persoa non manifestan grandes diferenzas no período 2011-2013, porque aínda que as emisións totais diminuíron en 1.485 toneladas de CO<sub>2</sub>, o número total de persoas tamén o fai nunhas 1.800 persoas. Isto orixina que a pegada de carbono por persoa varíe de 0,96 Tm CO<sub>2</sub> en 2011 a 0,99 toneladas de CO<sub>2</sub> en 2013.



A pegada de carbono do ano 2013, expresada en toneladas de CO<sub>2</sub> por persoa, diminuíu arredor dun 11% con respecto á do 2009. Isto é debido en boa medida a todos os proxectos de eficiencia enerxética e prácticas máis sustentables acometidas pola UVIGO no exercicio das súas actividades ao longo destes anos.

**Porcentaxe dos materiais utilizados que son materiais reciclados**

RAEEs retirados no curso 2012-2013:	Reutilizados / Xestor autorizado	
GRUVI		
CPUs	83	154
Monitores	47	143
Impresoras	21	98
Caixas con material variado	-	28
Outros equipos eléctr.	-	93
TOTAL	151	516

A cantidade total xestionada foron uns 5.700 kg de residuos desta tipoloxía.



**Consumo enerxético interno**

	<i>Electricidade (KWH)</i>	<i>Gasóleo</i>	<i>Auga (m<sup>3</sup>)</i>	<i>Gas natural (m<sup>3</sup>)</i>
<b>Pontevedra</b>				
CC Educación e deporte	150006	33203		
CC Sociais e da comunicación e Biblioteca	439601	41045	7643	
Fisioterapia	89603	22500		
Forestal	259385	33000		
Belas artes	313485	34516	1635	
Polideportivo	44431	n.d.	1119	
Casa das Campás	66249	n.d.	65	
<b>TOTAL</b>	<b>1362760</b>	<b>164264</b>	<b>10462</b>	

<b>Ourense</b>				
Informática e Ciencias	839777	60000	4154	
Dereito e empresariais	353624	54971	1591	
Historia e CC da educación (unid. Admin.)	954613	121500	6020	
Biblioteca	278236	n.d.	n.d.	
Pavillón e campo de rugby	162333	9100	n.d.	
<b>TOTAL</b>	<b>2588583</b>	<b>245571</b>	<b>33479</b>	

<b>Vigo</b>				
Ciencias (Bioloxía, ciencias do mar e química)	2119039	131500	20233	
Económicas	503742	76513	7142	
Xurídicas	296607	55882	1340	
Industriais	949809	84.899	9415	
Minas	550137	77492	10497	
Teleco	818599	51650	4599	
EUE empre	72815	No	738	14082
EE industriais cidade	479088	No	2817	23610
Filoloxía e tradución	629803	108778	7033	
Biblioteca central	1141201	1900	1135	
CACTI e novo CACTI	1002414	10000	529	
Edif fundición	167040	9997	968	
Reitoría	530219	13989	1111	
Cidade Universitaria	287829	18882	11297	25274
Ecimat	498025	500	n.d.	
<b>TOTAL</b>	<b>10046367</b>	<b>641982</b>	<b>78854</b>	<b>62966</b>

## 7. A investigación e a calidade da docencia

A investigación e a transferencia do coñecemento á sociedade representa unha función primordial coa que a Universidade de Vigo se sinte xenuinamente comprometida, xunto coa responsabilidade nas súas tarefas docentes. O elevado e multidisciplinar know-how da nosa institución representa unha das fortalezas desta universidade.

As Vicerreitorías de Investigación e de Transferencia do Coñecemento tiñan a responsabilidade, en 2013, de executar a política científica, as actividades de promoción, difusión e xestión da investigación, desenvolvemento e innovación para, entre outras cousas, transferir os resultados da investigación á sociedade.

A Vicexerencia de Internacionalización era responsable de dar apoio ás funcións das Vicerreitorías de Investigación, Transferencia de Coñecemento e Relacións Internacionais, coordinar así mesmo as actividades das distintas unidades de xestión e exercer e canalizar as funcións da Xerencia (económicas, de persoal, patrimoniais etc.) na área de investigación.

### 7.1 Principais indicadores en materia de investigación

#### Grupos de investigación e número de persoas integrantes dos mesmos. 2013

<i>Grupos de investigación</i>	<i>Total</i>
nº de grupos de investigación	245
nº de membros grupos de investigación	1876

Durante o curso 2013 produciuse un descenso no número de grupos de investigación, pasándose dos 252 que había no curso anterior aos actuais de 245, un redución de 7 grupos de investigación.

#### Persoal investigador segregado por xénero e situación contractual

<i>PERSOAL ao longo do ano 2013</i>	<i>Persoal excluído PDI</i>		
	<i>Número</i>	<i>Mulleres</i>	<i>Estranxeiros/as</i>
nº de persoal investigador en formación	266	158	15
nº de persoal contratado con cargo a proxectos de investigación	493	251	21
nº de nombramentos de bolseiros/as	95	53	3
nº de persoal técnico de investigación	23	10	1

En 2013 hai que destacar o descenso, respecto do ano 2012, no número de persoal investigador en formación en 39 persoas e o número de bolseiros en 8 persoas, así como tamén no número de persoal técnico de investigación en 14 persoas; sen embargo subiu o número de persoal contratado con cargo a proxecto de investigación en 9 persoas.

**Recursos externos captados en concurrencia competitiva. Ano 2013**

<i>Recursos externos captados en concurrencia competitiva</i>	
PROXECTOS INVESTIGACIÓN A.X. ESTADO	289.265,80 €
PROXECTOS INVESTIGACIÓN A.C. GALICIA	3.097.800,00 €
PROXECTOS INVESTIGACIÓN EUROPEOS	4.893.072,39 €
INFRAESTRUTURA FEDER	Non houbo
PARQUE CIENTÍFICO-Tecnolóxico	Non houbo
FACTURACIÓN C.A.C.T.I.	194.944,47 €
INFRAESTRUTURA NON FEDER	Non houbo
CONTRATACIÓN I+D	8.694.528,16 €
TOTAL	17.169.610,82 €
ORZAMENTO VIGO	163.216.352,00 €
%	10,52%

**Financiamento dos proxectos de investigación segundo entidade financiadora.****Ano 2013**

<i>Proxectos</i>	<i>Ámbito</i>								<i>Total N°</i>	<i>Total Importe</i>
	<i>Científico</i>		<i>Humanístico</i>		<i>Tecnolóxico</i>		<i>Xurídico-Social</i>			
	<i>N°</i>	<i>Importe</i>	<i>N°</i>	<i>Importe</i>	<i>N°</i>	<i>Importe</i>	<i>N°</i>	<i>Importe</i>		
E - CENTRAL DO ESTADO	4	255.966	1	33.300	0	0	0	0	5	289.266
X - XUNTA DE GALICIA	15	1.273.600	0	0	13	1.612.200	3	212.000	31	3.097.800
Europeo	7	4.474.238	0	0	2	418.835	0	0	9	4.893.072
Intereg	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>Total xeral</b>	<b>26</b>	<b>6003803,56</b>	<b>1</b>	<b>33300</b>	<b>15</b>	<b>2031034,6</b>	<b>3</b>	<b>212000</b>	<b>45</b>	<b>8280138,2</b>

Estes datos indican un descenso moi importante do número de proxectos, e na cuantía dos mesmos, financiados polo Estado no ámbito nos catro ámbitos respecto ao ano 2012.

Polo que se refire á Xunta de Galicia incrementouse sustancialmente a súa aportación sobre todo no ámbito científico e tecnolóxico e diminuíu notablemente nos demais

<i>ACTIVIDADES art. 83 LOU (inclúe xestión externa)</i>	<i>Ámbito</i>								<i>Total N°</i>	<i>Total Importes</i>
	<i>Científico</i>		<i>Humanístico</i>		<i>Tecnolóxico</i>		<i>Xurídico-Social</i>			
	<i>N°</i>	<i>Importes</i>	<i>N°</i>	<i>Importes</i>	<i>N°</i>	<i>Importes</i>	<i>N°</i>	<i>Importes</i>		
Contratos	14	916.262			121	6.395.365	18	329.560	153	7.641.188
Informes	127	244.067	1	6.785	378	652.448	26	118.762	532	1.022.062
Cursos	1	2.000			6	12.619	7	16.659	14	31.278
<b>Total xeral</b>	<b>142</b>	<b>1.162.329</b>	<b>1</b>	<b>6.785</b>	<b>505</b>	<b>7.060.433</b>	<b>51</b>	<b>464.981</b>	<b>699</b>	<b>8.694.528</b>

## 7.2 Liñas de investigación orientadas a colectivos con discapacidade

1. Doutorado interuniversitario en equidade e innovación educativa:
  - Procesos de exclusión e inclusión socioeducativa
  - Innovación para la equidade educativa
  
2. Doutorado en Dificultades de aprendizaxe y procesos cognitivos
  - Dificultades globais de aprendizaxe.
  - Dificultades específicas de aprendizaxe.
  - Trastornos do desenvolvemento.
  - Procesos cognitivos de aprendizaxe.
  - Procesos motivacionais implicados en el aprendizaxe.
  - Modificabilidade cognitiva.
  - Regulación verbal de la conduta.
  - La actividade física en el aprendizaxe.
  - Atención a las dificultades de aprendizaxe a través de las TIC.
  
3. Doutorado en ciencias de la educación y del comportamento
  - Ámbitos de Intervención socioeducativa
  - Educación para a paz e interculturalismo
  - Dificultades de aprendizaxe escolar y procesos cognitivos
  - Necesidades específicas de apoio educativo
  - Intervención para la mellora del aprendizaxe
  - Motivación y aprendizaxe
  - TIC e MCS aplicados a la educación
  - Innovación educativa
  - Atención a la diversidade en educación
  
4. Doutorado en investigación psicosocioeducativa con adolescentes en contextos escolares:
  - Orientación y atención a la diversidade en contextos educativo de secundaria
  - Discapacidade y fracaso escolar

## Grupos de investigación en áreas vinculadas co estudo da discapacidade

### Discapacidade

- Equipo de psicoloxía evolutiva da educación (HI9)
- Equipo de tecnoloxías da información e a comunicación en educacións TICEDU (DO1/B)
- Equipo de investigación en diversidade educativa (EIDE) (DO2)
- Equipo de Didáctica Especias (HI6)

### Ergonomía

- Equipo de enxeñería e deseño (EG2)

### Escolioses

- Equipo de repercusións orgánicas da actividade física (HI10)

### Autismo

- Equipo de análise e intervención psicosocioeducativa 2(CC1)

#### Lingua de Signos

- Equipo de lingua de signos e lingua española (HI4)

<http://webs.uvigo.es/lenguadesignos/sordos/lineas/index.htm>

#### Invidentes

- Equipo de motricidade para todos (DE4)

#### Deficiencia Mental

- Equipo de Psicología Evolutiva da Educación (HI9)

### *7.3 Prácticas, convenios e transferencia do coñecemento*

No ano 2013 apróbase a Política institucional de acceso aberto á produción científica, mediante a creación dun repositorio que incluíra os diversos tipos de investigación xerados na Universidade de Vigo. Plásmase tamén deste xeito o noso compromiso coa transparencia na información.

#### *Prácticas Académicas Externas*

Durante o curso académico 2012/2013 a Vicerreitoría de Transferencia de Coñecemento asumiu as competencias relativas a coordinación das prácticas académicas externas. En colaboración coa Fundación da Universidade de Vigo, que ten encomendada a xestión das prácticas académicas externas extracurriculares, elaboráronse as instrucións en desenvolvemento do regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Vigo así como os modelos formalizados para a documentación das mesmas.

En colaboración con servizos informáticos iniciáronse os traballos para a posta en funcionamento dunha aplicación informática que nun futuro próximo permitirá a xestión unificada de tódolos procesos relativos as prácticas externas tanto curriculares como extracurriculares.

En canto a xestión de convenios, dende a Vicerreitoría promoveuse a sinatura de máis de **200 convenios de cooperación educativa para a realización de prácticas**.

#### *Visitas a Empresas*

Unha aposta importante desta Vicerreitoría é o contacto directo co tecido produtivo galego, poñendo no seu coñecemento as potencialidades dos grupos de investigación científicos, tecnolóxicos e humanísticos existentes no noso seo, mostrando o noso elevado e multidisciplinar know-how.

Estes contactos deron lugar a varios contratos e colaboracións en proxectos de investigación con grupos da nosa Universidade e probablemente en moitos casos supoñan unha semente que poderá xerminar no futuro.

O número de empresas e centros tecnolóxicos cos que mantivo contacto directo esta Vicerreitoría ao longo deste curso académico, ben por visita directa á empresa ou entrevista na sede da Vicerreitoría é moi elevado, abarcando, entre outras a empresas como PSA Peugeot Citroen, Pescanova, Centro Tecnolóxico do Granito, Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia, Gradient, Energylab e moitas outras.

**Empresas de Base tecnolóxica (SPIN-OFFs)**

Para o exercicio 2013 establecéronse varias actuacións relativas á potenciación, motivación e asesoramento para a creación de novas Empresas de Base Tecnolóxica (EBTs). A primeira delas foi a aprobación dun novo regulamento de EBTs e a posta en marcha do procedemento de participación da universidade nas spin-off.

No derradeiro curso (2012-2013) continuouse coa titorización de 7 iniciativas de empresa, e procedeuse á creación de 5 spin-off baseadas na investigación da Universidade de Vigo.

**Resultado da área de transferencia por campus. Ano 2013**

Transferencia	Campus			Total	
		Ourense	Vigo		Pontevedra
Contratos de licenza		-	8	-	8
Spin-off	titorizadas	3	1	1	5
	creadas		1	1	2
Patentes solicitadas no 2013	nacionais	2	18	-	20
	internacionais	-	4	-	4
Patentes concedidas no 2013	nacionais	-	14	1	15
	internacionais	-	1	-	1
Patentes en explotación a 31/12/2013	nacionais	4	13	-	17
	internacionais	-	-	-	0
Patentes postas en explotación en 2013	nacionais	2	2	-	4
	internacionais	-	-	-	0
Modelos de utilidade solicitados en el año 2013		-	1	-	1
Modelos de utilidade concedidos en el año 2013		-	-	-	0

Realizouse unha convocatoria pública de subvencións a EBTs para a localización nos espazos dispoñibles da Universidade de Vigo en CITEXVI na zona dispoñible para viveiros. Estas axudas dan apoio as empresas nadas do Coñecemento xurdido na UVIGO para afrontar os alugueres dos devanditos locais cunha subvención do 50% por parte da universidade. No último ano presentáronse 3 empresas á convocatoria.

**Programa TRANSFORME (Transferencia Orientada á Mellora do Emprego Xuvenil)**

Resultado da sinatura co Concello de Vigo púxose en marcha o Proxecto de Colaboración TRANSFORME co enfoque de que os titulados/as universitarios menores de 30 anos puideran acceder á investigación e ás actividades de valorización que se levan a cabo na Universidade de Vigo, participando directamente nos proxectos de transferencia do coñecemento que desenvolven, de xeito conxunto, os grupos de investigación con empresas do contorno local.

Estas medidas de fomento do acceso á investigación e da empregabilidade das persoas tituladas materializáronse no financiamento por parte do concello de Vigo de 30 contratos laborais en prácticas cun custe bruto mensual de 2.000 euros e unha duración de 6 meses que serviron de trampolín para o primeiro emprego de titulados recentes da UVIGO, empadroados no concello de Vigo.

### **Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)**

A Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) ten asignada a xestión das actividades de transferencia da investigación, é dicir, favorecer a conexión universidade/empresa/sociedade. As súas funcións poden estruturarse en tres grandes áreas:

- Difusión, promoción e mercadotecnia da I+D+i da Universidade de Vigo.
- Valorización e protección da tecnoloxía da Universidade.
- Transferencia dos resultados da investigación que poden dar lugar a contratos e convenios de I+D e de natureza científica, técnica ou artística, contratos con licenza tecnolóxica, proxectos das empresas de base tecnolóxica e outras formas de colaboración coas empresas e institucións.

A través da OTRI ponse a disposición dos organismos interesados unha carteira de patentes, na que se van incorporando aquelas tecnoloxías que poden ter aplicación no mercado e que están dispoñibles para ser transferidas.

### Área de tecnoloxías da información e comunicacións (ATIC)

Está área está creada cun carácter funcional cara a :

- Xestionar e administrar todas as infraestruturas de comunicación de datos e voz e de servidores corporativos.
- Explotación de datos de aplicacións corporativas.
- Desenvolvemento e mantemento de aplicacións corporativas.
- Soporte e resolución de incidencias

### *7.4 Formación para a iniciativa emprendedora*

No curso 2012-2013 promovéronse e leváronse a cabo dous cursos do programa INICIATIVA EMPRENDEDORA-Proceso de creación de empresas que está promovido polo Ministerio de Industria Enerxía e Turismo, así como o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e impartiu a Escola de Organización Industrial do Campus Universitario de Vigo. Ditos cursos están inscritos dentro dun programa nacional orientado a fomentar a iniciativa emprendedora na universidade.

Os cursos, de catro semanas de duración, estiveron destinados a alumnos do programa de Mestrados da UVIGO e foron gratuítos.

No curso 2013 o ITMATI (Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial) da Universidade de Vigo, a USC, a Universidade da Coruña e o Centro de Supercomputación de Galicia firmaron un convenio de colaboración, así como os estatutos do Consorcio.

A través do INCUVI concedéronse seis premios, consistentes nunha subvención dos custes da estadia por un período dun ano nun dos espazos da preincubadora INCUVI. A estancia supón a dispoñibilidade dunha oficina de 15 metros cadrados acondicionada totalmente para o exercicio da labor de emprendemento. O INCUVE conta co patrocinio das entidades e institución tales como: Banco de Santander, PSA CITROEN (Vigo) ASIME e a Zona Franca de Vigo.

### 7.5 Calidade e Enquisas de Avaliación da Satisfacción das titulacións oficiais

O resultado das enquisas de avaliación docente comprende a opinión que teñen tanto alumnos como profesores/as sobre a marcha da tarefa docente.

Os resultado amosan un escasa participación do colectivo de estudantes (17,54%) e unha participación un pouco maior por parte dos profesores/as (36,43%).

Globalmente, tamén está mais satisfeito o persoal docente que o alumnado coa marcha do traballo académico nas aulas.

#### Participación nas enquisas de avaliación docente.

##### INDICES DE PARTICIPACION NA ENQUISA

Índice de participación do profesorado	%	Índice de participación do estudiantado	%
Total Universidade de Vigo	36,43%	Total Universidade de Vigo	17,54%

#### Índices de satisfacción global

##### INDICES DE SATISFACCIÓN GLOBAL

Grao de satisfacción do profesorado - resultados globais	Valor (1 a 7)	Grao de satisfacción do estudiantado - resultados globais	Valor (1 a 7)
Total Universidade de Vigo	5,57	Total Universidade de Vigo	4,30

A continuación se presente un cadro resumo do resultado por indicadores.

A destacar esa alta satisfacción dos profesores en tódolos indicadores determinados, exceptuando un leve ton crítico con respecto aos servizos de apoio ao estudante. Tamén destaca o agrado do profesorado cos seus estudantes.

Os alumnos/as son bastante críticos cos distintos colectivos implicados na orientación educativa. Tampouco parece que a satisfacción cos programas de mobilidade sexa moi grande.



---

**RESULTADOS POR INDICADORES**


---

<b>Grao de satisfacción do PDI coa planificación e desenvolvemento do ensino (ind.78)</b>	<b>Valor (1 a 7)</b>	<b>Grao de satisfacción dos estudantes co proceso de selección, admisión e matriculación (ind.71)</b>	<b>Valor (1 a 7)</b>
Total Universidade de Vigo	5,59	Total Universidade de Vigo	4,88

---

<b>Grao de satisfacción do PDI cos servizos de apoio ao estudante (ind.79)</b>	<b>Valor (1 a 7)</b>	<b>Grao de satisfacción dos estudantes cos distintos colectivos implicados na orientación (ind.72)</b>	<b>Valor (1 a 7)</b>
Total Universidade de Vigo	5,15	Total Universidade de Vigo	3,78

---

<b>Grao de satisfacción do PDI cos recursos de apoio ao ensino (ind.80)</b>	<b>Valor (1 a 7)</b>	<b>Grao de satisfacción dos estudantes participantes en programas de mobilidade (ind.73)</b>	<b>Valor (1 a 7)</b>
Total Universidade de Vigo	5,65	Total Universidade de Vigo	4,01

---

<b>Grao de satisfacción do PDI cos estudantes (ind.81)</b>	<b>Valor (1 a 7)</b>	<b>Grao de satisfacción dos estudantes coa planificación e desenvolvemento do ensino (ind.74)</b>	<b>Valor (1 a 7)</b>
Total Universidade de Vigo	6,00	Total Universidade de Vigo	4,17

---

<b>Grao de satisfacción dos estudantes cos recursos de apoio ao ensino (ind.75)</b>	<b>Valor (1 a 7)</b>
Total Universidade de Vigo	4,51

---


Fonte: Resultado da avaliación da satisfacción coas titulacións oficiais na Universidade de Vigo. 2013/2014

As valoracións seguen a seguinte escala:


- 1- Totalmente en desacordo
- 2- Bastante en desacordo
- 3- En desacordo
- 4- Pouco de acordo
- 5- De acordo
- 6- Bastante de acordo
- 7- Totalmente de acordo
- NS/NC Non sabe / non contesta

Outro dato a ter en conta á hora de avaliar a calidade docente son os indicadores académicos, taxa de éxito, rendemento e avaliación.

Indicadores académicos do curso 2012/2013 por tipo de estudo:



Resultados académicos dos estudos de Grao por Rama:



## 7.6 A Universidade de Vigo e o seu compromiso coa lingua e a cultura galega

A área de Normalización Lingüística (ANL) é quen se encarga de todas as labores propias na procura de que o idioma de Galicia sexa usado de xeito apropiado dentro da universidade (como materialización do artigo 4 dos Estatutos da Universidade de Vigo e da súa responsabilidade social coa cultura e o patrimonio inmaterial de Galicia).

### Área de normalización lingüística e Servizo de tradución

#### Principais servizos

- Corrección de documentos.
- Resolución de dúbidas lingüísticas.
- Cursos, xornadas e obradoiros de lingua.
- Axudas a traballos de investigación en galego. Manual de acollida para o Persoal de Administración e Servizos (PAS) 30
- Información sobre dicionarios e vocabularios técnicos en galego.
- Campañas de dinamización lingüística.
- Organización de actos culturais e premios.
- Elaboración de vocabularios e manuais lingüísticos.

Así mesmo, a través de Internet, pon ao servizo de calquera cidadán un magnífico tradutor galego-castelán e castelán-galego que traduce textos longos e indica as palabras que non reconece (<http://sli.uvigo.es/tradutor/>).

Este labor é considerada parte da labor esencial desta Universidade e un elemento mais da súa Responsabilidade Social á hora de coidar e proxectar o noso patrimonio, neste caso inmaterial, como é a lingua galega

Neste sentido, a ANL pon a disposición da comunidade universitaria un servizo de asesoramento no uso e na tradución da lingua galega para calquera acción vinculada á formación e á investigación da Universidade, se ben as súas accións baséanse na transversalidade do conxunto da vida universitaria.

No curso 2011-2012 a Área de Normalización lingüística fixou o obxectivo dun novo ciclo formativo que abrangue a toda a comunidade universitaria nos tres campus. Para iso se tiveron en conta as suxestións que se nos achegaron nas enquisas de avaliación dos cursos anteriores; así procuramos axeitar ao novo ciclo o número de horas, especificidade dos campus e dos colectivos.

A implantación do plan Bolonia supuxo que mingudara o número de matrículas do sector do alumnado aos cursos; esta circunstancia fixo que incrementáramos a oferta formativa en liña co fin de diminuír a porcentaxe de horas presenciais.

Estas accións correctoras que iremos paulatinamente adoptando están encamiñadas a facilitar a participación de todos os sectores da comunidade universitaria nos cursos da ANL.

No curso académico 2012-2013 matriculáronse 289 persoas nos cursos de formación lingüística e beneficiáronse 53 persoas do programa de Axudas á investigación en lingua galega 2012, entre elas dúas teses de doutoramento.

Ademais en 2013 rematamos a xeira de coordinación da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, da que forman parte as universidades do sistema universitario galego (SUG) e as secretarías xerais de Universidades e a de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Entre os asuntos mais importantes en que se estivo a traballar salientamos:

- Abrir unha liña de financiamento para a interpretación ao galego de congresos e xornadas científicas de carácter internacional que poida ter unha continuidade no tempo.

- Presentado informe sobre a situación da lingua galega en relación á valoración de méritos na investigación e na docencia e as medidas que poden permitir incrementar o seu uso nas universidades do SUG. Este documento vai ser o referente do traballo da Comisión nos próximos anos.
- Impulsar a edición de libro universitario galego. Ante as dificultades económicas para editarnos os manuais de referencia internacional de maior uso, decidimos continuar coa publicación de monografías de elaboración propia das tres universidades, para os primeiros cursos dos graos.
- Baixo a coordinación da ANL e da UVigoTV elaboramos a campaña “en galego tamén se fai ciencia” xunto cos servizos de normalización lingüística e de medios audiovisuais da USC e da Universidade de A Coruña.
- Xunto con estas dúas universidades participamos no premio Luísa Villalba de iniciativas normalizadoras.
- Desde a ANL, editamos materiais diversos de difusión gratuíta que son sempre moi ben acollidos dentro da comunidade universitaria

### *Propostas de mellora. Plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo*

A Universidade de Vigo incluíu no seu plan estratéxico 2008/12 o fomento do plurilingüismo dentro das súas liñas estratéxicas, asociada á meta estratéxica de acadar unha universidade que consolida a súa proxección internacional.

Esta liña estratéxica reflíctese tamén no Plan de internacionalización 2010–2014 da Universidade de Vigo, dentro do Programa de internacionalización da actividade académica. O seu obxectivo é dotar á comunidade universitaria das competencias plurilingües e pluriculturais que se precisan para responder con eficacia aos retos dunha sociedade globalizada e culturalmente diversa e que representa un elemento fundamental da política europea de educación superior.

Esta plantexamento ten como obxectivos principais incrementar o número de estudantes estranxeiros recibidos na nosa universidade mediante a potenciación do plurilingüismo; promover o coñecemento e uso de idiomas por parte da comunidade universitaria; incrementar o número de materias impartidas noutras linguas; e mellorar a oferta de información plurilingüe da Universidade de Vigo.

Para levalo a cabo créase a Comisión de Internacionalización Lingüística como o instrumento de participación e debate para promover a implantación das distintas iniciativas recollidas nel e establecer os obxectivos da institución en materia de internacionalización lingüística. A súa aprobación polo Consello de Goberno está aínda pendente.

Este Plan é unha das medidas dirixidas a mellorar a capacidade docente do profesorado ou as que teñen como obxectivo potenciar a mobilidade do persoal docente investigador, o estudantado, e o persoal de administración e servizos.

O *Centro de Linguas* implantará, baixo a supervisión da Área de Linguas da Universidade de Vigo, un programa formativo que lles facilite a todos os membros da comunidade universitaria o acceso a unha formación en linguas estranxeiras de calidade e convenientemente acreditada de acordo cos estándares internacionais.

Por outra banda, a Universidade de Vigo, nun intento de avanzar en paralelo á realidade social, debe completar a súa oferta de mobilidade académica internacional cunha oferta de materias e mesmo de titulacións impartidas en inglés.

Para acadar os niveis de capacitación axeitados incluíranse dentro do programa de formación permanente do profesorado e do programa de formación do novo profesorado ou equivalentes un cartafol de cursos especialmente dirixidos á capacitación para a docencia en inglés e a docencia CLIL-AICLE (Content and Language Integrated Learning-Aprendizaxe integrada de contidos e linguas estranxeiras), en colaboración co Centro de Linguas.

### 7.7 Sistema de centros de investigación propios ou vinculados

A Lei orgánica de universidades (LOU), no seu artigo 40, establece a posibilidade de que as universidades creen libremente centros propios de investigación que poden cumprir diversas funcións estratéxicas dentro da universidade cara á establecer os vínculos necesarios coa sociedade para poder transferir o coñecemento:

- Actuar como centros de apoio instrumental e de servizo ás actividades dos grupos de investigación.
- Permitir economías de alcance no uso de grandes infraestruturas e equipamento de alta tecnoloxía.
- Integrar e enfocar recursos e capacidades de investigación cara áreas de interese para a Universidade.
- Consolidar unidades de investigación que, apoiándose na actividade dos grupos de investigación, posibiliten o incremento da calidade da I+D+i.

#### **Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI)**

<http://webs.uvigo.es/cactiweb/>

O C.A.C.T.I., adscrito á Vicerreitoría de Investigación, ten como misión prestar apoio científico e tecnolóxico a todos os labores de investigación e desenvolvemento que se realicen nos diversos ámbitos científicos da Universidade de Vigo.

Encárgase tamén de dinamizar a prestación de servizos a organismos ou entidades públicas ou privadas do seu contorno xeográfico e social que así o soliciten.

O CACTI dispón na actualidade de dúas sedes situadas nos campus de Vigo e Ourense donde no curso 2012-2103 prestou os seguintes servizos:

#### Campus de Vigo:

Seguridade alimentaria e desenvolvemento sostible  
 Determinación estrutural, proteómica e xenómica  
 Microscopía electrónica  
 Nanotecnoloxía e análise de superficies  
 Taller electrónico  
 Taller de mecanizado  
 Detección remota

#### Campus de Ourense:

Seguridade alimentaria e desenvolvemento sostible  
 Planta piloto

#### **Facturación CACTI. Ano 2013**

<i>Facturación CACTI</i>	<i>Facturación</i>
usuarios internos	201.028,48 €
usuarios externos	194.944,47 €

**CITEXVI: Cidade Tecnolóxica de Vigo S.A** <http://www.citexvi.es/>

CITEXVI é unha sociedade anónima de dereito privado centrada na promoción e impulso das actividades de I+D+i. O seu obxectivo é atraer actores que favorezan o desenvolvemento tecnolóxico e crear un ecosistema multilateral de innovación, segundo un modelo de tripla hélice como estratexia de desenvolvemento local e da Comunidade Autónoma.

Os seus sectores estratéxicos son: telecomunicacións, tecnoloxías da información, enerxías e medio ambiente, ciencias mariñas, biomedicina e tecnoloxías agroalimentarias.

Este obxectivo concrétese acollendo e desenvolvendo plataformas de investigación a través da presenza física en CITEXVI de sedes, centros e laboratorios de I+D de empresas, centros tecnolóxicos de colaboración público/privada e laboratorios de investigación ligados a proxectos empresariais. Tamén acolle spin off universitarias, ás que presta servizos nas fases de preincubación e incubación.

A creación de emprego cualificado, por parte das entidades aloxadas, froito da promoción da cultura de innovación, redunda na mellora do nivel de vida da sociedade e na dinamización dos sectores empresariais, atrae investimentos, promove a creación de empresas, novas patentes e aumento da inversión en I+D.

O compromiso do CITEXVI co medio ambiente está sustentado na propia definición do proxecto construtivo e responde á estratexia de implantación de enerxías renovables que ten esta universidade. Estas actuacións permiten que CITEXVI non só presente un balance enerxético cero, senón tamén que contribúa ao sistema enerxético de xeración de enerxías renovables.

Desde a súa constitución, o CITEXVI acolleu, entre outros, os seguintes proxectos:

- Centro tecnolóxico de eficiencia e sustentabilidade enerxética
- Centro tecnolóxico das telecomunicacións de Galicia GRADIANT
- Laboratorio europeo de referencia de biotoxinas mariñas AESAN
- IMATIA: empresa dedicada á realización de proxectos de I+D+i relacionados coas novas tecnoloxías para o desenvolvemento de sistemas de información corporativos, administración electrónica, sistemas de información para a xestión da produción e loxística industrial e servizos de desenvolvemento a medida de software.

**Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT)**

<http://www.ecimat.org/index.php?lang=gl>

A Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) é un edificio modular, flexible e funcional que pon a disposición da comunidade universitaria e doutras institucións públicas ou privadas as instalacións axeitadas para o traballo con auga de mar e cultivos mariños, tanto a escala experimental como de planta piloto.

A transferencia de coñecemento acadado na actividade investigadora aos sectores produtivos constitúen un dos principais obxectivos de ECIMAT dada a actual demanda por parte dos sectores produtivos de traballos científicos relacionados con este ámbito.

A ECIMAT conta con tres unidades:

- Cultivos mariños
- Medio mariño
- Actividades subacuáticas

Dada a relevancia que o sector do mar ten na nosa comunidade, a existencia desta infraestrutura, representa o compromiso de ofrecer os nosos equipamentos e servizos para tarefas de investigación en temas mariños a toda a comunidade universitaria tanto pública como privada.

Durante 2012-2013 aumentou considerablemente a súa capacidade a nivel de infraestruturas para dar apoio aos investigadores en traballos relacionados coa toma de mostras de campo, tanto por mar como por terra, coa adquisición dun laboratorio móbil, (unha embarcación rixida e de equipamentos de estudo e toma de mostras no medio mariño).

En xullo de 2013 a UVIGO concedeu espazos a 15 grupos de investigación, 5 mais que na anterior convocatoria.


Durante o curso 2012-2013 a ECIMAT continuou traballando no fortalecemento con empresas e institucións vencelladas coa investigación mariña que redundou na sinatura de contratos de I+D por importe de 9.500 euros.

A prestación de servizos a entidades externas reportou uns ingresos de 4.603 euros e a prestación de servizos a usuarios propios da Universidade de Vigo reportou uns ingresos de 8.301 euros.

### Evolución dos ingresos do ECIMAT



Organismo financiador	Programa	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Uvigo	EMT1-131H (2006 E 2007) prog CACTI Consol.	96.920	96.920	173.682	188.622	215.240	168.900	176.500	189.500
Xunta	Unidade de investigación Infraestruturas centralizadas (FEDER)				375.000	250.000		250.000	250.000
MICINN		451.220	644.600	1.074.988	551.535	117.390	118.644	150.274	
<b>Total</b>		<b>548.140</b>	<b>741.520</b>	<b>1.248.670</b>	<b>1.115.157</b>	<b>582.630</b>	<b>287.544</b>	<b>576.774</b>	<b>439.500</b>



### *Campus científicos de verán 2013*

A ECIMAT participou ese ano como sede dun dos Campus Científicos de Verán 2013 organizados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía. Trátase dunha actividade onde participan mozos de 4º de secundaria e 1º de Bacharelato na que se incorporan durante unha semana a proxectos de investigación xunto con científicos en universidades de excelencia de toda España.

Outras actividades divulgativas foron a creación do Blog OceanoEcimat, que ademais de divulgar, pretende ser un lugar de intercambio de opinións, que promova o debate científico e tecnolóxico e que faga máis corta a distancia que separa o traballo dos nosos científicos da sociedade.

### *Outros fitos da ECIMAT en 2013*

- Aprobación da Normativa ECIMAT
- Certificación ISO 9001. Esta acreditación supón un recoñecemento ao traballo desenvolvido e con ela a introdución de melloras na prestación de servizos aos seus usuarios.

### *Centro de investigación tecnolóxica industrial (MTI)*

O MTI ten como obxectivo dar apoio e dinamizar a investigación, transferencia de coñecemento e innovación no eido industrial, especialmente nos ámbitos da enerxía, medioambiente, deseño e produción industrial, proporcionando equipamentos e infraestruturas específicas axeitadas. As instalacións do MTI están actualmente na fase de equipamento do edificio.

### *Centro de investigacións biomédicas (CINBIO)*

<http://www.cinbio.es>

O CINBIO, adscrito á Vicerreitoría de Investigación, ten como misión prestar apoio e centralizar a actividade investigadora e innovadora dos grupos de investigación do ámbito biomédico da Universidade de Vigo, e cooperar cos investigadores/as de organismos públicos e empresas no eido biomédico e biotecnolóxico. As instalacións do CINBIO están actualmente en fase de construción.



**Centro de Investigación, Transferencia e Innovación, Ourense: CITI**

<http://www.citi.uvigo.es/>

O Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI), é un novo centro creado pola Universidade de Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia no 2005.

O CITI ten como misión potenciar o desenvolvemento do I+D+i nas empresas, mediante a creación de espazos de colaboración para favorecer e transferir coñecemento dende a universidade ao tecido empresarial a través do desenvolvemento de proxectos conxuntos de I+D+i relacionados co ámbito agroalimentario, biotecnoloxía, enerxía, medio ambiente e tecnoloxías da información.

O CITI está composto basicamente por equipamento científico (laboratorios) é unha oficina de I+D+i. Esta Oficina ten por obxectivo:

- Identificación das necesidades de información dos investigadores así como as súas capacidades e intereses en futuros proxectos de I+D/convocatorias.
- Incrementar a capacidade dos grupos de investigación do Campus de Ourense e do C.I.T.I., para captar recursos para proxectos de I+D+i tanto de orixe público a través de convocatorias competitivas, como de orixe privado a través de contratos con empresas e outras institucións.
- Prestar apoio e asesoramento na xestión administrativa de xestión de proxectos de I+D+i

En marzo de 2013 foi aprobada a normativa de funcionamento do CITI no Consello de Goberno e nela se establece que “os laboratorios do CITI están ocupados polos grupos de investigación, e dita asignación de espazos deberá ser confirmada coa sinatura do correspondente convenio”

**CAMPUS DO MAR**

A Universidade de Vigo obtivo a cualificación de Campus de Excelencia Internacional de ámbito Rexional na convocatoria do Programa de “Campus de Excelencia Internacional” do Ministerio de Educación, destinado a mellorar a calidade, visibilidade, competencia e atractivo das universidades españolas coa proposta do Campus do Mar.

Campus do Mar ten a finalidade de impulsar a colaboración con outras entidades mediante acordos a longo prazo nos ámbitos docentes de posgrao, de investigación, de innovación tecnolóxica e de transferencia do coñecemento, cos obxectivos preferentes de fortalecer un sector económico estratéxico para Galicia e de crear un polo científico-tecnolóxico do mar capaz de converterse nun referente a nivel internacional.

**Principais actuación do Campus do Mar durante curso académico 2012-2013**

- 1º reunión da Rede CELMARNET, que busca sinerxias e coordinar accións conxuntas entre os distintos Campus de Excelencia Internacional mariños españois, na que se aprobou o documento operativo, donde se decidiu que a presidencia do Consello Reitor como a coordinación da Rede recaesen en Campus do Mar durante os dous primeiros anos de funcionamento.
- Desenvolvemento da interconectividade entre socios a través do Campus Dixital do Mar.
- Concedéronse sete Bolsas de colaboración-Campus Dixital do Mar para desenvolver tarefas de colaboración e formación vinculadas ás actividades audiovisuais, de deseño gráfico, gravación automatizada de clases e soporte de xestión.

- Realización dun ciclo de oito conferencias “Campus do Mar”, no que participaron destacados investigadores de distintos campos das ciencias e tecnoloxías mariñas
- Implantación da folla de ruta para a Internacionalización do Proxectos Campus do Mar.
- Durante este período, o Campus do Mar, recibiu visitas de representantes de institucións internacionais relacionadas coa docencia e investigación mariña.
- Participación de representantes do Campus do Mar en actividades internacionais para dar a coñecer o proxecto de Excelencia Mariña tales como: visitas a institucións e direccións de programas relacionados do ámbito mariño en Europa, Asia, África e América.
- Presenza dunha exposición do Campus do Mar no Parlamento Europeo (Bruxelas) a través de paneis informativos.
- Bolsas de mobilidade. Se concederon 27 axudas para investigadores das institucións promotoras do Campus do Mar que realizaron estancias de investigación en diferentes países: EE.UU, UK, Canadá, Noruega, etc.
- Continuación do proxecto de cooperación ao Desenvolvemento Campus do Mar en Cabo Verde; proxecto que pretende contribuír ao desenvolvemento sostible do sector mariño e das persoas que dependen da súa explotación. Entre as actuacións levadas a cabo nesta etapa está o financiamento de 4 investigadores de Cabo Verde para realizar as súas teses de doutoramento dentro do programa de doutoramento DO\*MAR, así como tamén a realización dun curso de especialización en Cabo Verde destinado a 15 docentes e investigadores da UniCV, INDP, e Direccións Xerais de Pesca e de Medioambiente.
- No curso 2012-2013 iniciouse o Programa de Doutoramento DO\*MAR no que se matricularon 35 estudantes.

#### *Logros no ámbito da mellora científica e transparencia do coñecemento.*

- Completouse o traballo e aprobación dos catro plans estratéxicos do Programa de Clúster de I+D do Campus do Mar.
- Estase na fase final de negociación coa Comisión Europea do Programa para a captación de talento postdoutoral de Campus do Mar.
- En 2013 tivo lugar en Campus do Mar, por terceiro ano consecutivo os Campus Científicos de Verano. 112 estudantes chegados de diferentes lugares España desenvolveron diferentes proxectos científicos e tecnolóxicos nos laboratorios do Campus do Mar de Vigo e do Instituto de Oceanografía.
- No referente ao Eixo Estratéxico de Transferencia estase a promover, por unha banda, a creación de sinerxias entre os diferentes axentes de transferencia e grupos de investigación (contribuíndo a incrementar a relación entre oferta e demanda tecnolóxica no marco do Campus do Mar), e por outra, actividades de Fomento da cultura emprendedora EMPRENDEMAR. O obxectivo desta actividade é promover a creación de empresas de base tecnolóxica xurdidas da actividade investigadora desenvolvida no seo do Campus do Mar.
- Así mesmo continuouse con actividades orientadas á “Transformación do Campus. Proxección Social e Cultura Científica” a través do Programa CampusMar Life con accións deportivas, lúdicas e culturais.

### ***Programa de Cultura Científica***

- A Universidade de Vigo consciente da súa relevancia e lexitimidade como fonte de coñecemento concede especial importancia á divulgación científica, se ben sabe que é un dos aspectos nos que a institución terá que facer un esforzo maior en vindeiros anos.
- Ademais se traballou en dous proxectos adicionais: proxecto divulgativo “mergúllate no océano” e o proxecto OCEÁNTICA, acción orientada a profesores e alumnos primaria, secundaria, ESO e bacheralato cara a transferir o coñecemento xerado no Campus do Mar. En 2013, como actividade inicial deste proxecto organizouse o curso “Introdución de contidos transversais sobre as rías nos currículos” de donde partiu a elaboración dun libro didáctico que leva por título “Eu aprendo sobre as rías” e unha peza audiovisual de carácter divulgativo de 5 minutos de duración afondando na importancia e relevancia social e económica e cultural da rías galegas. Nesta actividade inscribíronse un total de 112 persoas sendo os destinatarios principais profesores de ensinanzas non universitarias.
- Celebrouse, de modo virtual, a primeira edición do “Congreso Xuvenil Internacional Oceántica” no que participaron 302 estudantes. Dito congreso tiña como obxectivo sensibilizar á cidadanía sobre os desafíos aos que se enfrenta o estudo de medio mariño, así coma o respecto do medioambiente e a sustentabilidade.

### ***POLÍTICA DE ESPECIALIZACIÓN DOS CAMPUS***

Unha nova liña de traballo da nosa institución está na procura dunha especialización dos Campus universitarios, que permita atender mellor ás demandas sociais, así coma xerar unha proxección maior dos Campus e unha concentración de recursos de investigación e de transferencia en torno a liñas de especialización.

Neste sentido, a universidade ten avanzado durante 2013 na constitución do Campus da Auga en Ourense, así como na definición do Campus Crea no Campus de Pontevedra.

---

## 8. A Universidade de Vigo e a creación de valor para a sociedade

A Vicerreitoría de Extensión Universitaria ten como obxectivo básico promover a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias que fomenten a formación integral dos nosos estudantes.

O servizo de extensión universitaria estrutúrase en tres áreas diferenciadas: área de cultura, S.I.O.P.E. (Sección de Información, Orientación, Promoción do Estudante, Voluntariado e Discapacidade) e Área de Deportes.

### *S.I.O.P.E (Sección de Información, Orientación, Promoción do Estudante, Voluntariado e Discapacidade)*

Os fins e obxectivos prioritarios do SIOPE son:

- Ofrecerlles a todo o alumnado e persoas con titulación universitaria, así como a futuros universitarios e universitarias unha información clara e completa sobre todo o concernente á vida universitaria.
- Atender o alumnado que o requira nas áreas de orientación educativa, académica e psicopedagóxica.
- Promover o voluntariado e a integración na comunidade universitaria.

### *8.1 Actividades de cooperación*

- Convenios con diversas asociacións. Por un destes convenios hai dúas persoas con síndrome de down colaborando en servizos da universidade.
- Participación no proxecto europeo Erasmus Plus KA2 preparando a estudantes con discapacidade para o mercado global.
- Programa de voluntariado de formación en inglés para nenos/as xordomudos.

### *8.2 Medidas de apoio á inserción de persoas con discapacidade*

No ano 2013 apróbase o Regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo, co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades e a efectiva atención a este estudantado.

A Universidade de Vigo sensible á inserción e preocupada pola integración das persoas con discapacidade na nosa comunidade, promove dende tódolos ámbitos que estas persoas teñan visibilidade e o seu lugar como calquera outra persoa. Por este motivo durante o ano 2013 nos casos de licitación que quedaron en empate uns dos criterios utilizados para o desempate foi ter no cadro de persoal persoas con discapacidade.

No expediente de formación teatral (Exp. 303/13) unha das regras de valoración dun dos criterios de adxudicación son as actividades formativas relacionadas coa sensibilización da sociedade e da comunidade universitaria; vaise valorar na memoria técnica a calidade das actividades propostas a desenvolver en relación á sensibilización social e da comunidade universitaria ao respecto dos aspectos que se indican a continuación: espectáculos e outras actividades destinadas especificamente a desenvolver a concienciación e sensibilización no tocante ao comercio xusto, a compra ética e responsable, o sostemento sostible e a valoración social dos grupos con discapacidade ou en risco de exclusión social.

### 8.3 Universidade e Sociedade

No punto 3 da Meta Estratéxica número 7 da Universidade de Vigo faise referencia a necesidade de “incrementar a proxección exterior desta institución a través da Extensión Universitaria”.

Desta maneira a Vicerreitoría Extensión Universitaria e as vicerreitorías de Campus, promoven a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias.


A cultura e o deporte representan un dos aspectos de desenvolvemento persoal dos estudantes moi importante tanto para os seu futuro laboral coma persoal.

Durante o curso 2012-2013, 1.347 persoas participaron nas actividades culturais programadas pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria e polas vicerreitorías dos Campus.

#### Número de actividades de Extensión Universitaria e asistencia. Curso 2012-2103

nº de actividades	Total		Ourense		Pontevedra		Vigo	
	nº actividades	nº asistentes	nº actividades	nº asistentes	nº actividades	nº asistentes	nº actividades	nº asistentes
Curso	21	504	11	240	4	115	6	149
Obradoiro	56	790	34	435	7	141	19	214
Outras actividades	3	53	0	0	0	0	3	53
<b>Total</b>	<b>80</b>	<b>1347</b>	<b>45</b>	<b>675</b>	<b>11</b>	<b>256</b>	<b>28</b>	<b>416</b>

Perfil de participantes en actividades de extensión universitaria



Durante o curso 2012-2013, a área de Extensión Universitaria organizou 43 actividades ás que asistiron 804 persoas.

#### Voluntariado

Apróbase en 2013 o Regulamento de voluntariado, documento que pretende fomentar a participación da comunidade universitaria en actividades de solidariedade e cooperación, programadas pola Universidade ou desenvolvidas no marco de acordos específicos asinados con entidades sen fin de lucro.

Un total de 207 estudantes (menos do 1% dos estudantes matriculados) dedicaron algunhas horas a actividades de voluntariado. Case o 70% destes foron mulleres.

A seguir indícanse os programas de voluntariado nos que teñen participado estes/as voluntarios/as.

<i>Voluntariado/campus</i>	<i>Total</i>	<i>% mulleres</i>	<i>% total campus OU</i>	<i>% total campus PO</i>	<i>% total campus Vigo</i>
Nº estudantes en accións de voluntariado	207	69%	18%	6%	76%
Nº de programas	51				

<i>Programas de voluntariado Curso 2012-2013</i>	
<i>Entidade</i>	<i>Programa</i>
EA ECC	Promotor de saúde
AECC	Voluntariado hospitalario
AFANO	Programa de Alzheimer
AIXIÑA	Obradoiro de cultura xeral
Alborada	Preparación proba libre ESO
Aldeas infantiles	Apoio Escolar
Aldeas infantiles	Clases de informática
Aldeas infantiles	Educación artística como medio transformador
Aldeas infantiles	PASO Vigo
Aldeas infantiles	Apoio Escolar
AMENCER	Apoio Escolar
AMENCER	Campamento urbano
AMENCER	Proxecto zagal
APAMP Persoas Parálise Cerebral	Obradoiro de artes plásticas
Asdegal	Apoio Escolar
Asdegal	Aula de maiores
Asoc.Afrolatina	Para entendernos todos
Asc.de pais de xordos de Vigo	Apoio ao inglés para nenos/as xordas
Campus Ourense	Acompañamento persoas discapacidade
Campus Ourense	campaña solidaria nadal
Campus Ourense	Sonoridades no tempo
COGAMI	Acompañamento persoas discapacidade
Cruz Vermella	Centro de día
Cruz Vermella	Drogadición en prisión
DOA Asociación Axuda Enfermo Mental	Obradoiro artístico
DOA Asociación Axuda Enfermo Mental	PASO Vigo
FEGEREC	Enfermidades raras
Fundación Meniños	Obradoiro de emprego
Fundación Meniños	Obradoiro de emprego
Integra	Elaboración material didáctico
Juan Soñador	Apoio Escolar

Juan Soñador	Teranga (alfabetización de inmigrantes)
ONX COOPERA	12ª Olimpíada solidaria de estudo
PIUNE	PIUNE
Scouts de Galicia	Mellora de calidade de vida infantil
Universidade de Vigo (proxecto propio)	Aula de maiores
Universidade de Vigo (proxecto propio)	Banco de Alimentos
Universidade de Vigo (proxecto propio)	Campana sensibilización comunidade universitaria
Universidade de Vigo (proxecto propio)	Colaboración coa área de voluntariado
Universidade de Vigo (proxecto propio)	Creación de redes sociais e búsqueda de recursos electrónicos para voluntariado
Universidade de Vigo (proxecto propio)	Cursos de literatura hispánica A Lama
Universidade de Vigo (proxecto propio)	Curso papiroflexia en A Lama
Universidade de Vigo (proxecto propio)	GRUVI
Universidade de Vigo (proxecto propio)	Inglés para maiores
Universidade de Vigo (proxecto propio)	Limpeza de praias
Universidade de Vigo (proxecto propio)	OMA
Universidade de Vigo (proxecto propio)	PIUNE
Universidade de Vigo (proxecto propio)	ORI
Xentenova	Act. Lecer e tempo libre, animación actv.infantís
Xentenova	Animador de Actividades Infantís
Xentenova	Apoio Escolar
Xentenova	Trasnos

### **Programa Martes con Vida**

Este proxecto, desenvolvido no marco do Campus ConVida da Vicerreitoría do campus de Ourense pola Facultade de Ciencias, consistiu na medida de variables antropométricas e a estimación do grao de adherencia da dieta Mediterránea mediante cuestionario KidMed, válida para a poboación española.

A actividade realizouse no primeiro e segundo cuadrimestre de 2013 en 5 centros do campus de Ourense na participaron 382 persoas (68% homes e 32% mulleres). Un 69% dos participantes eran menores de 25 anos e un 31% eran maiores de 25 anos.

#### 8.4 Servizo de Deportes

[http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/estudos-programas/memoria2012-2013\\_deportes.pdf](http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/estudos-programas/memoria2012-2013_deportes.pdf)

As liñas principais que orientaron as actuacións en materia de actividade deportiva na Universidade de Vigo no curso 2012-2013 foron a igualdade de xénero, a preocupación medioambiental, a internacionalización, a configuración duns campus mais saudables e activos, e as estratexias de colaboración con outros departamentos e servizos da universidade.

Logo de conseguir a certificación da norma UNE-EN ISO 14.001 de xestión ambiental no curso 2011/12 o Servizo de Deportes superou no curso 2012/2013 a primeira auditoría do sistema.

##### **Actividades**

Máis de 40 actividades diferentes e preto de 1.200 persoas conformaron un ano máis o programa estrela do Servizo de Deportes nos tres campus.

As posibilidades de aprendizaxe de habilidades deportivas con fins recreativos oriéntanse de dúas maneiras, a través de escolas deportivas e a través de centros deportivos abertos.

A oferta inclúe múltiples horarios e gran cantidade de centros, para que as usuarias e usuarios poidan escoller entre moitas posibilidades e que o deporte sexa un complemento á súa vida universitaria, e non un obstáculo.

Neste curso houbo 1.200 inscricións no conxunto dos tres campus, das que 612 foron mulleres e 425 homes.

En Ourense as actividades con máis demanda foron tenis e ciclo indoor.

En Pontevedra, como vén sendo habitual, musculación e aeróbic.

As actividades con máis demanda en Vigo foron tenis, ioga e natación.

O alumnado ten a posibilidade de tomar parte en competicións deportivas en modalidades individuais e de equipo, dentro da propia Universidade de Vigo, xunto con outras universidades (Galicia, Norte de Portugal, España) ou formando parte dos equipos que participan en competicións federadas.

As modalidades e o nivel deportivo necesario son diversos, de maneira que opción de competir está aberta a boa parte das persoas que queiran facelo aproveitando os recursos que facilita a Universidade de Vigo.

Deporte e natureza é un binomio de vital importancia na vida de calquera persoa. Ofrécenos vantaxes únicas para mellorar a calidade de vida adquirindo hábitos saudables, favorecendo as relacións persoais entre as persoas que participan, ocupando o noso tempo de lecer, ademais de aprender a respectar e coidar a natureza.

Con este espírito deseñamos diversos programas e actividades para que a comunidade universitaria se achegara ao medio natural en colaboración con diversas empresas especializadas.



### **Programa de rutas culturais**

\_ Rutas a pé. Neste programa, que destaca por centrarse no coñecemento do medio e que celebrou a 13.<sup>a</sup> edición, participaron 485 persoas. Foron un total de 11 saídas nas cales un equipo de catro persoas, entre as que estaba un guía ou un docente de historia, amosaron algúns dos recantos con máis atractivo das provincias de Ourense, Lugo e Pontevedra. O desenvolvemento do programa correspondeu, como é habitual, ao Club Universitario de Cultura e Ocio (CUCO) de Ourense.

\_ Andaina do persoal das universidades de Galicia. Esta primeira andaina xurdiu coa intención de substituír o programa de actividades de competición para o PDI e o PAS por un tipo de actividade máis saudable e participativa. A ruta escollida foi o primeiro tramo do Camiño Xacobeo entre Santiago e Fisterra, con saída na localidade de Ventosa e remate na praza do Obradoiro: un total de 15 km. Participaron 50 persoas pertencentes ás tres universidades de Galicia.

\_ Delecer: natureza e aventura. Na 13.<sup>a</sup> edición do programa de ocio e tempo libre por excelencia, por primeira vez, as actividades realízanse nos meses de maio e xuño na procura das mellores condicións climatolóxicas e adaptación ao novo calendario escolar. Nesta ocasión ofertouse un programa de tres actividades onde participaron 47 persoas (24 mulleres e 23 homes).

\_ Augaventura Campus Mar Life. Actividades no medio acuático (edición de outono e primavera). En outubro de 2011 o Servizo de Deportes e o Campus do Mar iniciaron unha alianza que foi pasando por distintas fases ata finalizar este curso 2012/2013 nun programa moi sólido con dúas edicións: outono e primavera, que pasou a denominarse Augaventura Campus Mar Life. Foron experiencias dun día para achegarlle o mar e o río a toda a comunidade universitaria, facendo posible coñecer os deportes acuáticos de maneira divertida e informal, grazas á implicación de empresas colaboradoras con moitos anos de experiencia no sector. Na edición de outono presentouse un programa con catro actividades (surf, vela, mergullo e descenso de rápidos) en que participaron 86 persoas (55 mulleres e 31 homes); o surf foi a actividade máis demandada. Na edición de primavera ao programa incorporóuselle unha actividade máis, windsurf, e houbo unha participación de 133 persoas (75 mulleres e 58 homes).

\_ Por terceiro ano consecutivo e grazas ao acordo con Prado Surf Escola 77 universitarias e universitarios puideron vivir unha experiencia única nas estacións de montaña de San Isidro (León) en xaneiro e febreiro e Grandvalira (Andorra) en marzo.

### **Balance das Competicións**

- A Universidade de Vigo logrou por sexta vez, terceira consecutiva, facerse co Campeonato de España Universitario de Taekwondo por equipos.
- Universidade-Vigo Rugby Club, na súa segunda tempada na máxima categoría (División de Honra) Amadou a permanencia e clasificouse para disputar a Copa do Rei.
- O equipo de xadrez de Campus de Vigo proclamouse por segundo ano consecutivo Campión Galego Absoluto. Participou tamén no Campionato de España de Primeira rematando a tempada no 12º lugar total do estado español.

### **Logros da área de deporte**

- Elaborouse un novo plano para carreiras de orientación denominado “Universidade-Parque do Coñecemento”, xa existente pero que desta vez chega ao parque forestal de Beade e cubre unha extensión de 2,4 km<sup>2</sup>. Sobre este trazado desenvolveuse xa unha proba da Liga Galega de Carreiras de Orientación.
- A Carreira 10 km da Cidade Universitaria e o trofeo Universidade de Vigo de Orientación, pasaron a

organizarse a partir de criterios ambientais, tendo a consideración de eventos verdes.

- Froito deste novo enfoque minimizáronse os impactos no medio ambiente e calculouse a pegada ecolóxica dos eventos para ser compensada coa plantación de árbores frondosas.
- Servizo de Deporte da UVIGO acadou o I Premio Uviguala, creado en 2013, para recoñecer o compromiso coa igualdade entre as mulleres e os homes na Universidade de Vigo.
- A Área de Saúde do Servizo de Deportes acadou este curso a homoxeneización dos seus servizos nos tres campus coa posta en marcha da Unidade de Fisioterapia no Campus de Pontevedra. A consolidación do proxecto Campus ConVida e unha maior colaboración cos diferentes departamentos, facultades e servizos son outros dos feitos destacados deste curso 2012/2013
- Un estudo realizado por investigadores do INEF da Universidade da Coruña en 2012 situou o Servizo de Deportes da Universidade de Vigo e o SAF da Universitat Autònoma de Barcelona como os dous mellores exemplos de boas prácticas no conxunto do territorio español

### *Internacionalización e deporte*

En colaboración coa Oficina de Relacións Internacionais foi organizada a III International Administrative and Teaching Staff Training Week da Universidade de Vigo. Ambos departamentos co-organizaron este evento ao que asistiron 56 profesionais de 36 universidades de 18 países europeos durante catro días no campus de Pontevedra e Vigo, e que serviu para debater e intercambiar experiencias sobre estratexias de motivación para achegar ás persoas á práctica deportiva.

Dentro deste programa aproveitouse para incluír unha xuntanza do Comité Executivo de ENAS (Rede Europea de Servizos Deportivos Universitarios).

